
Outros membros:

Nerea Abella Armada

Irene Freire Tobio

Miriam Iglesias Fernández

Sandra Míguez Fabal

Yolanda Martínez Rodríguez

Paula Neira Somoza

Mercedes Ruíz Lamas

O equipo da Biblioteca de secundaria está integrado por:

Rosario Rodiño Sangiao, que exerce as funcións de coordinación e dispón de dúas horas de adicación xunto con dúas gardas de recreo para poder atender aos préstamos.

Mar González Veiga, que dispón dunha hora de adicación.

1.2. HORARIO.

- Na sección de Primaria:

Este curso todos os grupos poden reservar unha hora semanal de dedicación á lectura na mesma. Na porta da Biblioteca hai un horario coa fin de que o que precise usala poda facelo nas horas libres sen interrompirlas clases. O préstamo e devolución de material farase de luns a venres no horario de 11:30 – 12:00.

- Na sección de secundaria :

Este curso, debido a que non só hai dous membros no equipo e ás horas de adicación, a biblioteca retoma o seu proxecto coa apertura durante os recreos dos luns e os martes para poder facer préstamos ao alumnado, ademais do seu uso como lugar de lectura durante os mesmos. Asemade ofreceremos ao profesorado un horario para que poidan reservar algunha hora para o uso da biblioteca.

2. SECCIÓN DE PRIMARIA.

2.1 NORMAS.

A Biblioteca é un espazo de todos e para todos, e para un bo uso da mesma debemos recordar algunhas normas:

- a) Coidar o material e libros da Biblioteca.
- b) Deixar sempre o mobiliario colocado.
- c) Falar en voz baixa e non entrar nela con comida ou bebida.
- d) Preguntar calquera dúbida á profesora encargada ou a calquera outro profesor/a.
- e) Para facer préstamos, levar sempre o marcapáxinas da biblio.
- f) Poderanse levar prestados libros e revistas por un prazo de 15 días. Pasado ese tempo, deberán volverse á Biblioteca. Os CD's terán só 3 días como prazo de devolución. Só se levará un exemplar por alumno.
- g) No caso de non devolver o material ou devolveo en malas condicións notificarase aos pais que deben repoñelo.
- h) Comezamos este curso dando por devolto todo o material do curso anterior.

2.2. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES.

- Enriquecemento do traballo en equipo do profesorado e dos alumnos.
- Actualización e incremento de exemplares traballado.
- Achegamento aos gustos dos lectores.
- Atención a suxestións, queixas e reclamacións, mediante o uso dunha caixa na que os alumnos poderán expresar a súa opinión.

As actividades que se teñen previsto realizar ao longo do curso son:

1. Reedición dos carnés e marcapáxinas dos alumnos: Faranse os carnés do alumnado de nova incorporación e os que estean deteriorados.
2. Preparación das mochilas viaxeiras. Reposición das mochilas deterioradas
3. Organización e reubicación de espazos e fondos Biblioteca.
4. Catalogación de novo material.
5. Expurgo do material deteriorado ou desfasado.
6. Realización de préstamos de aula para os mestres que desexen levar libros para todo o grupo.
7. Realización de préstamos individuais na hora de recreo.
8. Atención aos lectores que acoden á biblioteca na hora de lecer a facer préstamos e devolucións de material e tamén dos que acoden a ler ou realizar traballos. Mantemento dun clima axeitado para a lectura e a aprendizaxe.
9. Pintado dun mureal na parede do fondo da Biblioteca.
10. Formación:

- Que todo o equipo de biblioteca e os titores manexen as funcións básicas do Programa Meiga.
- Que os axudantes da biblioteca saiban utilizar a biblioteca do centro de forma efectiva: Buscar o libro que lles interesa, devolvelo e diferenciar as diferentes seccións.

11.- Actividades de dinamización:

- Establecer 20 minutos de lectura diaria na aula tal como se recolle no Plan Lector para fomentar a lectura.
- Contactar con algún autor/a que nos realice no Centro algunha actividade de dinamización.
- Sección de booktubers.
- III Feira do libro do Feal.
- Apadriñamento lector por parte do alumnado de cursos superiores.
- Concursos:
 - Contos de medo para o Samaín.
 - Día dos ilustradores.
- Tomando como tema transversal o lema das Bibliotecas Escolares de Galicia : “A biblioteca escolar ten a palabra” facer sesións de contacontos por parte das familias e do alumnado do centro.
- Diario de lectura.
- Continuaremos coa sección Lerflix.
- Conmemorar o mes das ciencias co uso de realidade virtual/aumentada.
- Maletas viaxeiras

12.- Implicación do alumnado de 5º e 6º na atención á biblioteca:

- Formación de usuarios.
- Colaboración nas horas de lecer á atención á Biblioteca.

13.- Colaboración co equipo de Actividades Extraescolares e Dinamización Lingüística para a realización de actividades conxuntas.

3. SECCIÓN DE SECUNDARIA.

3.1. NORMAS.

A Biblioteca é un espazo dedicado á lectura, ao traballo individual e á consulta. O seu correcto funcionamento depende do cumprimento das seguintes normas:

a) A Biblioteca é un espazo de lectura, estudo e fomento das habilidades no uso, tratamento e produción da información. Polo tanto, é importante que todos e todas gardemos silencio e respectemos o lugar de traballo dos usuarios/as. En consecuencia, prégase facer un uso axeitado da mesma e solicítase que non se utilice a Biblioteca como lugar habitual para a proxección de filmes (en cada aula hai un proxector).

b) Os alumnos que utilicen a Biblioteca estarán sempre acompañados dun profesor/a.

c) A sala de biblioteca debe quedar en perfecto estado de uso cando remate a actividade feita nela, sendo responsable o profesor/a que a emprega. Se hai algunha reunión, deberanse volver as mesas e as cadeiras ao seu sitio ao remate da mesma.

d) En ningún caso poderá utilizarse a biblioteca como aula de castigo nin de xogos, agás aqueles que estean destinados á promoción da lectura ou formen parte das actividades programadas pola Biblioteca.

e) Se o comportamento dun alumno/a non é axeitado, deberá abandonar a biblioteca. Se isto acontece por segunda vez, non se lle permitirá a entrada á biblioteca durante un trimestre.

f) O préstamo e devolución de material farase exclusivamente no horario designado a tal efecto e polo profesorado correspondente. Non debe saír ningún libro da Biblioteca sen pasar previamente polo programa de préstamo informático (MEIGA). Os usuarios poderán levar ata un máximo de tres libros, durante quince días renovables. Deberán volvelos puntualmente ou renovar a solicitude. Non se farán préstamos aos usuarios que teñan algún libro con retraso na data de devolución. No caso do profesorado, a duración do préstamo do material é de trinta días renovables.

g) Os usuarios non poderán usar o seu carné da Biblioteca para facer préstamos para outros compañeiros e deberán amosar o seu carné no momento de solicitar o préstamo. Para as devolucions non se precisa o carné.

h) Cando un usuario teña un retraso na devolución do material de máis de sete días terá unha penalización no préstamo.

i) Se houberse algún fallo informático, non se farán préstamos nin devolucions.

k) Na primeira semana do mes farase un listado de libros pendentes de devolución. As profesoras que traballan nas gardas de recreo comunicarán os retrasos ao alumnado.

3.2. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

Consideramos que os seguintes son os principais obxectivos para a biblioteca durante este curso académico no que o obxectivo principal será poñer en funcionamento de novo a biblioteca e retomar a súa actividade:

- Coordinarnos os diferentes departamentos didácticos para que a biblioteca e as actividades de fomento da lectura e de adquisición da competencia informacional formen parte da práctica docente.
- Explicar ao Claustro o traballo realizado na biblioteca e solicitar a colaboración de todo o profesorado.
- Continuar coa recatalogación da base de datos, realizando un expurgo do material deteriorado ou pouco axeitado.
- Adquirir, previa valoración por parte do equipo de Biblioteca, as propostas de fondos documentais realizadas por estudantes e profesores.
- Desenvolver máis actividades de educación documental e de fomento da lectura.
- Diseñar actividades tomando como referente as propostas dende o portal educativo (Bibliotecas Escolares de Galicia) e as que xordan desde departamentos e equipos do centro.
- Poremos atención en celebrar aquelas datas marcadas no Calendario Escolar (artigo 8. Conmemoracións), que ofrezan un potencial educativo dentro da biblioteca escolar: igualdade, dereitos humanos, medio ambiente, literatura, etc.

As actividades que temos previsto realizar durante este curso 2019-2020 son as seguintes:

- En relación coa ***organización e a xestión*** da biblioteca:
 - Comprar e catalogar novo material: libros, revistas, filmes...
 - Revisar, recatalogar e etiquetar o material xa existente na Biblioteca. Expurgar material deteriorado, ou que consideramos non axeitado.
 - Refacer os carnés deteriorados ou extraviados. Facer os carnés dos novos usuarios: novo alumnado e profesorado.
 - Utilizar a páxina web do centro para difundir as actividades da Biblioteca e calquera outra información considerada de interese para a comunidade educativa.
- En relación coa ***dinamización e promoción dos recursos da biblioteca e desenvolvemento do Plan Lector***:
 - Difundir os fondos existentes entre o profesorado e alumnado.
 - Difundir entre alumnado e profesorado as novidades adquiridas.

- Atender, na medida do posible, ás demandas de material tanto de alumnado coma de profesorado.
- Reelaborar o Plan Lector recollendo as aportacións dos diferentes departamentos didácticos.

- En relación coa *formación de usuarios, fomento da lectura e a adquisición da competencia informacional*.

A. Formación de usuarios:

- Como en cursos anteriores, faranse visitas guiadas de todo o alumnado de 1º curso da ESO á Biblioteca que se complementarán coas actividades de formación de novos usuarios. O obxectivo é que os alumnos se familiaricen co espazo da Biblioteca, saiban onde buscar o material que precisan e sintan a Biblioteca como un lugar propio e cercano.

Na sesión de formación de novos usuarios utilizaremos un tríptico onde se explican de xeito sinxelo os significados das CDU e a súa disposición na Biblioteca. Tamén faremos o “Xogo das etiquetas xigantes”, no que terán que interpretar o significado das etiquetas e buscar o material nos estantes. Por último realizarán a actividade de “Na procura do libro perfecto”, na que deberán atopar os libros máis adecuados na biblioteca para a realización de diferentes actividades. A sesión rematará ensinando o espazo da biblioteca na páxina web do centro.

- Por sétimo curso, desenvolverase o proxecto de “Voluntarios da biblioteca”. Os estudantes que o desexen poderán colaborar de maneira habitual nas actividades organizadas pola biblioteca e aprenderán as cuestións básicas de organización e xestión dunha biblioteca participando no seu funcionamento durante os recreos. Neste ámbito, solicitaremos de novo a participación do centro no programa de Voluntariado na Biblioteca Escolar, plan integrado nas Bibliotecas Escolares Solidarias e organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

- Valorar a creación dun club de lectura para o alumnado e o profesorado.

B. Animación á lectura e actividades dinamizadoras das competencias

Programamos as seguintes actividades para facer ao longo do curso.

- “Mochilas Viaxeiras”: Actividade que permitirá levar libros á casa para compartilos coa familia. Seleccionaranse os materiais axeitados, xestionarase o préstamo temporal e tentarase acadar a participación e complicitade das familias na formación lectora do alumnado.
- Concursos de pistas e cazas do tesouro para conmemorar distintas festividades, efemérides e celebracións.
- Exposicións de libros, carteis e ilustracións para ambientar celebracións como o Samaín, o Nadal, o día dos namorados ou o día da ciencia.
- “Relato oral tradicional na Biblioteca”: actividade consistente na difusión de lendas e relatos tradicionais galegos.
- “Relatos arrepiantes”: lecturas de relatos de medo para conmemorar o Samaín.

- Co gallo de San Valentín realizaremos unha exposición de literatura amorosa en todos os idiomas e faremos un concurso de mensaxes de amor.
- “A Biblioteca sae ao recreo” (3º Trimestre): Sacaremos algúns dos fondos da Biblioteca ao exterior do centro durante o recreo para difundir o material entre o alumnado e facelo máis visible.
- *A figura do mes*: adicaremos un recuncho da biblioteca a un personaxe (preferentemente galego/a) que destaque polo seu traballo en calquera área (política, social, deportiva, literaria, etc), buscando a colaboración dos diferentes departamentos didácticos. Proporemos ao alumnado actividades e xogos relacionados con ese personaxe.
- Ao longo do curso, a biblioteca será espazo para que os alumnos asistan a charlas e exposicións de diferente temática educativa.

2.-ENSINO INFANTIL

A etapa da educación infantil é a contorna privilexiada para realizar un achegamento progresivo á literatura como forma de expresión, coñecemento e gozo. Mediante o achegamento aos textos escritos e a súa exploración, así como a través da observación de modelos lectores e escritores de calidade, espertarase nas nenas e nos nenos a curiosidade por descubrir as súas funcionalidades. Na medida en que avanza na comprensión dalgunhas das características e convencións da linguaxe escrita, incrementase a necesidade de descubrir a información que contén, cunha actitude lúdica e de gozo.

As bibliotecas de aula e a do centro xogarán un papel relevante como espazos onde se poñan en xogo as ideas infantís sobre o porque e o para que da linguaxe escrita, así como lugar de achegamento ao goce dos primeiros contactos coa literatura infantil.

Así, desde o ciclo de educación infantil do CPI do Feal, pretendemos principalmente un achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional e/ou étnico-cultural fomentando sempre a valoración da diversidade lingüística e dialectal presente na contorna.

Asemade, foméntase a participación en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos onde as nenas e os nenos expresen os seus gustos, preferencias e opinións, así como as interpretacións, sensacións, emocións e sentimentos que as obras literarias lles provocan.

É importante que as nenas e os nenos acudan á biblioteca (tanto de aula como de centro) como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.

En cada aula de Educación Infantil, dispoñemos dun recuncho de biblioteca, a cal é empregada dentro da xornada escolar como rutina diaria, tanto no tempo de lecer como no tempo de relaxación e descanso despois do recreo. Ademais, acudimos a ela como fonte de información para os diferentes proxectos e secuencias didácticas que se levan a cabo durante o curso (consultar libros, contos, ... sobre o tema, visionado de documentais, películas, ..., búsqueda de información en internet, ...)

Outras contribucións para o presente curso 2022/23 no ciclo de Educación Infantil son:

- ✓ Uso da biblioteca do centro unha hora semanal. Nesta hora faranse actividades de animación á lectura como: lectura de contos, representacións por medio de

títeres, sombras, marionetas,... e o servizo de préstamo, posto que cada aula dispón dun carné de biblioteca de até 25 libros.

- ✓ Sesións de contacontos coa participación do alumnado de primaria, das familias, así como doutras asociacións ou particulares que se propoñan.
- ✓ Participar en tódalas actividades de dinamización que desde a Biblioteca do centro se propoñan (Mochila viaxeira, Concurso de debuxos de medo do Samaín, Certame de declaracións de amor, ...)
- ✓ Celebración das conmemoracións do calendario escolar a través de contos relacionados coa temática, con especial mención da Semana da prensa, o Día do Libro e as Letras Galegas.

3.- ENSINO PRIMARIO

A. “HORA DE LER”

Dedicaranse 15 minutos diarios á lectura na aula, preferentemente despois do recreo, sempre dependendo do que o profesor-titor considere máis axeitado e tendo en conta o horario do grupo.

Nas aulas figurará un horario semanal no que irá incluída a sesión exacta da Hora de Ler de cada día.

-1º Trimestre: Neste primeiro trimestre comezaremos coas “mochilas viaxeiras”. Repartirase unha mochila por aula na que se incluírán libros en galego, en castelán, libros de consulta, e cd-rom interactivos coa finalidade de facer chegar ás familias o gusto e o interese pola lectura.

Cada alumno poderá ter a mochila na súa casa durante unha semana. A nosa finalidade con esta actividade é fomentar a lectura en familia dende distintos tipos de soporte.

-2º Trimestre: Lectura en voz alta. Todos os ciclos terán acceso a libros de distintas temáticas da biblioteca co que poder facer postas en común ou proxectos de aula.

-3º Trimestre: Neste trimestre crearanse unhas tarxetas lectoras e explicaráselles aos alumnos/as a súa función. Do mesmo xeito, realizaranse actividades de formación de usuarios coa finalidade de que a biblioteca poida conservarse en orde e que todo o mundo coñeza a distribución dos libros na mesma e a súa organización.

Realizarase tamén un concurso de busca de información en varios soportes (libros, internet, CD-ROM) que repercute directamente no obxectivo de fomentar o interese pola lectura.

B. PROPOSTAS DOS CICLOS E DEPARTAMENTOS.

EDUCACIÓN FÍSICA PRIMARIA

Dentro das Unidades Didácticas que concretan esta programación inclúense as seguintes accións para o desenvolvemento do plan lector do centro:

- 1 Sinxelas lecturas, sobre temas relacionados ca actividade física e o deporte.
- 2 Redaccións sobre algún xogo que coñezan.
- 3 Traballos diversos sobre temas relacionados coa Educación Física, a saúde e os hábitos para levar una vida saudable.

1º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A LOMLOE destaca a importancia do hábito lector e dos procesos que implican a lectura ó longo da vida do neno e futuro adulto.

Segundo o Decreto 155/2022 a “lectura” é un dos factores fundamentais para o desenvolvemento integral do alumnado.

Por todo o exposto, resulta imprescindible establecer un proxecto lector que impulse as actividades relativas á promoción e práctica da comprensión lectora prevista nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación; así como ao grao de adquisición das competencias clave correspondentes a cada unha das áreas do currículo e que favoreza a súa posta en práctica diaria por todo o profesorado en todas as áreas dun modo eficaz.

A lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe una actividade clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, cuxo dominio abre as portas a novos coñecementos. Un deficiente aprendizaxe lector e una mala comprensión abocan aos alumnos ao fracaso escolar e persoal. Por iso, a comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para que o alumno sinta gusto pola lectura.

A lectura estará presente en tódalas áreas, por iso o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados non só dende as áreas de lingua senón a través das actividades específicas de tódalas áreas.

As sesións de lectura non se orientarán pois a ser una continuación da clase de lingua senón como a posta en práctica das súas ensinanzas e servirán para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumnado.

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades,... Todas estas finalidades que se terán en conta á hora de traballar na aula desenvolvendo estratexias que faciliten ao alumno a súa consecución. Os obxectivos a conseguir serán por tanto os seguintes:

- a) Espertar e aumentar o interese do alumno pola lectura.
- b) Potenciar a comprensión lectora dende tódalas áreas do currículo.
- c) Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- d) Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de disfrute persoal.
- e) Fomentar no alumnado, a través da lectura, una actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno.
- f) Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.
- g) Empregar a lectura coma fonte de información e entretemento.
- h) Considerar a lectura unha vía de coñecemento.

Por último, hai que destacar a importancia da lectura en voz alta na comprensión lectora, xa que a través dela se estimula a recreación de sentimentos e sensacións, ao mesmo tempo que serve como vehículo de ideas. A automatización dunha boa entoación, una correcta pronunciación e una axeitada velocidade lectora son imprescindibles para que o lector poda consolidar a comprensión lectora.

Plans específicos para 1º de Primaria:

- Espertar interese e gusto pola lectura a través de distintos tipos de textos (contos, rimas, adiviñas, poemas...) e diferentes soportes.
- Aumentar a comprensión lectora e o vocabulario do alumnado.
- Ser capaz de contar unha historia ou expresar a súa idea principal despois de escoitala ou lela, traballando deste xeito a competencia lingüística.

- Potenciar o uso da biblioteca de aula.

Para iso faranse as seguintes actividades:

- Préstamo de libros da biblioteca de centro.
- Lectura diaria na aula.
- Narracións por parte da mestra.

2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A LOMCE destaca a importancia do hábito lector e dos procesos que implican a lectura ó longo da vida do neno e futuro adulto.

Dentro dos principios xerais do decreto 105/2014 inclúese a “lectura” como un dos puntos para acadar a pleno desenvolvemento dos individuos.

Por todo o exposto, resulta imprescindible establecer un proxecto lector que impulse as actividades relativas á promoción e práctica da comprensión lectora prevista nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación; así como ao grao de adquisición das competencias clave correspondentes a cada unha das áreas do currículo e que favoreza a súa posta en práctica diaria por todo o profesorado en todas as áreas dun modo eficaz.

A lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe una actividade

clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, cuxo dominio abre as portas a novos coñecementos. Un deficiente aprendizaxe lector e unha mala comprensión abocan aos alumnos ao fracaso escolar e persoal. Por iso, a comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para que o alumno sinta gusto pola lectura.

A lectura estará presente en todas as áreas, por iso o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados non só dende as áreas de lingua senón a través das actividades específicas de todas as áreas.

As sesións de lectura non se orientarán pois a ser una continuación da clase de lingua senón como a posta en práctica das súas ensinanzas e servirán para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumno.

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades,... Todas estas finalidades que se terán en conta á hora de traballar na aula desenvolvendo estratexias que faciliten ao alumno a súa consecución.

Os obxectivos a conseguir serán por tanto os seguintes:

- a) Espertar e aumentar o interese do alumno pola lectura.
- b) Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.
- c) Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- d) Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de disfrute persoal.
- e) Fomentar no alumnado, a través da lectura, una actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno.
- d) Usar a biblioteca para a búsqueda de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.
- e) Empregar a lectura coma fonte de información e entretemento.
- f) Considerar a lectura unha vía de coñecemento.

Por último, hai que destacar a importancia da lectura en voz alta na comprensión lectora, xa que a través dela se estimula a recreación de sentimentos e sensacións, ao mesmo tempo que serve como vehículo de ideas. A automatización dunha boa entoación, una correcta pronunciación e una axeitada velocidade lectora son imprescindibles para que o lector poda consolidar a comprensión lectora.

Plans específicos para 2º de Primaria:

- Espertar interese e gusto pola lectura a través de distintos tipos de textos (contos, rimas, adiviñas, poemas, ...) e diferentes soportes.
- Aumentar a comprensión lectora e o vocabulario do alumno.
- Ser capaz de contar unha historia ou expresar a súa idea principal despois de escoitala ou lela, traballando deste xeito a competencia lingüística.
- Potenciar o uso da biblioteca de aula.

As actividades que se van desenvolver ao longo deste curso relacionadas co Plan Lector, ímolas clasificar en actividades a nivel de centro e actividades do 2º nivel de Ed. Primaria.

• Actividades a nivel de centro:

o Fomentar o interese pola lectura e escritura traballando diferentes libros con temáticas diversas que sexan de interese para o alumando. Estes libros serán aportados polos alumnos, pola biblioteca do centro e de aula ou pola mestra.

o Diferentes actividades organizadas pola biblioteca do centro como poden ser concursos, xogos, contacontos, recetarios, contos viaxeiros,...

o Co gallo do Día das Letras Galegas, tamén se traballarán textos relacionados co homenaxeado/a dese ano. (Con algunha dinámica en concreto).

• Actividades a nivel de aula:

o Lecturas de contos relacionados cos días de obrigada conmemoración como poden ser o día dos dereitos do nenos, día da constitución, día dos dereitos humanos,...

o Lectura diaria de 30 minutos despois do recreo na aula.

o Lectura, observación e investigación de libros relacionados con ciencias naturais e sociais que serán moitos deles aportados polas familias para levar a cabo pequenos proxectos de aprendizaxe.

o Contacontos e lecturas compartidas por parte dos alumnos.

o Traballaremos unha serie de contos ao longo do curso, nos que ademais de lelos faremos algunha actividade relacionada con eles: manualidade, visionado de video, canción, comprensión, ... Serán contos que transmitan valores, que os fagan reflexionar, que traballen a empatía, ... Con todos estes contos traballados faremos un libro (nun

block de debuxo) que recolla todo o que aprenderon e traballaron sobre os mesmos.

o Intentarase facer algunha dramatización dalgún conto.

o Memorización de poesías, cancións e rimas.

o Escribir e ler cartas, receitas de cociña, contos, chistes, poesías, ...

3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O proxecto lector anual do centro aplicarémolo en 3º de Educación Primaria, na procura da consecución dos seguintes obxectivos:

1. Incrementar a competencia lingüística nas dúas linguas de uso.
2. Reforzar as destrezas básicas de lecto-escritura.

3. Crear e consolidar hábitos lectores nos alumnos.
4. Mellorar a competencia na escritura literaria.
5. Procurar tempos e espazos para a lectura e a escritura como fontes de pracer.
6. Dinamizar a Biblioteca de aula e de centro.
7. Mellorar os índices lectores dos alumnos.
8. Garantir un tempo de lectura en todas as áreas e materias.
9. Potenciar a valoración das competencias lingüísticas en disciplinas non especificamente lingüísticas
10. Mellorar a rendibilidade lectora dos tempos non lectivos e o tempo de ocio.
11. Promover ou incrementar o tempo de lectura na casa.
12. Sensibilizar as familias na importancia que ten o hábito lector na educación do seu fillo,
13. Propiciar a interacción entre o instituto e outras institucións da cidade que
14. propicien as actividades lectoras dos alumnos: Concello, bibliotecas, outros centros escolares,...
15. Facilitar que o profesorado participe voluntariamente na animación á lectur

Dende o terceiro curso de educación primaria traballaremos a prol deste obxectivo, tanto en lingua castelá como en lingua galega.

- Traballarase na aula diferentes tipoloxías de textos e en diferentes soportes, fomentando que o alumnado escolla as súas propias lecturas.
- Os titores/as acordamos adicarlle, todos os días un tempo á lectura grupal e individual.
- Participaremos en todas as actividades e achegas que se reciban desde a biblioteca do centro e o equipo de dinamización.
- Así mesmo, contemplamos a posibilidade de facer dúas lecturas obrigatorias de dous libros, un en galego e outro en castelá.
- O tempo de dedicación á lectura estará integrado en todas as áreas.

4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A lectura estará presente en tódalas áreas, por iso o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados non so dende as áreas de lingua senón a través das actividades específicas de tódalas áreas.

As sesión de lectura non se orientarán pois a ser una continuación da clase de lingua senón como a posta en práctica das súas ensinanzas e servirán para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumno.

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para

divertirse, para vivir outras realidades,... Todas estas finalidades que se terán en conta á hora de traballar na aula desenvolvendo estratexias que faciliten ao alumno a súa consecución.

Os obxectivos a conseguir serán por tanto os seguintes:

- a) Aumentar o interese do alumno pola lectura.
- b) Potenciar a comprensión lectora dende tódalas áreas do currículo.
- c) Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- d) Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de desfrute persoal.
- e) Fomentar no alumnado, a través da lectura, una actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno.
- f) Empregar a lectura coma fonte de información e entretemento.
- g) Considerar a lectura unha vía de coñecemento.
- h) Incrementar as competencias do alumnado na recreación en lingua escrita, incidindo na elaboración de textos propios coma contos, cómics, ... sobre todo en lingua galega, compartindo as súas creacións cos compañeiros.

Por último, hai que destacar a importancia da lectura en voz alta na comprensión lectora, xa que a través dela se estimula a recreación de sentimentos e sensacións, ao mesmo tempo que serve como vehículo de ideas. A automatización dunha boa entoación, unha correcta pronunciación e una axeitada velocidade lectora son imprescindibles para que o lector poda consolidar a comprensión lectora.

Plans específicos para 4º de Primaria:

- Espertar interese e gusto pola lectura a través de distintos tipos de textos (contos, rimas, adiviñas, poemas, ...) e diferentes soportes.
- Aumentar a comprensión lectora e o vocabulario do alumno.
- Ser capaz de contar unha historia ou expresar a súa idea principal despois de escoitala ou lela, traballando deste xeito a competencia lingüística.
- Potenciar o coñecemento da literatura infantil coma fonte de pracer e desfrute.

Para iso farase as seguintes actividades:

- Lectura diaria na aula.
- Narracións por parte da mestra.
- Participación en contacontos e actividades de animación á lectura propostas ao curso.

- Elaboracións de distintos tipos de textos e en diferentes formatos: cómic, contos, descrições, correos electrónicos, ...
- Visitas semanais á biblioteca do centro, incluíndo o préstamo de libros.
- Participación no “Booktuber” da biblioteca do centro, onde os nenos expoñen porque lles gusta un libro e o recomendan.
- Elaboración dun conto a partir de outro, ilustrándoo e interpretándoo.

O tempo de dedicación á lectura estará integrado en todas as áreas, pero, ademais, levarase a cabo a lectura conxunta dun libro en común en galego e/ou castelán, segundo o trimestre e se farán actividades de comprensión lectora, exposicións de traballos, redaccións, etc., sempre intentando fomentar a empatía, afectividade, reflexión e gusto por coñecer.

5º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Toda a lexislación educativa actual establece como primordial o fomento da lectura e do hábito lector. Dende o quinto curso de educación primaria traballaremos a prol deste obxectivo, tanto en lingua castelá como en lingua galega. Traballaranse na aula diferentes tipoloxías de textos e en diferentes soportes, fomentando que o alumnado escolla as súas propias lecturas.

- Os titores/as acordamos adicarlle, todos os días un tempo á lectura grupal e individual.
- Un día a semana traballamos a ortografía a través da lectura.
- Participaremos en todas as actividades e achegas que se reciban desde a biblioteca do centro e o equipo de dinamización.
- Así mesmo, contemplamos a posibilidade de facer dúas lecturas obrigatorias de dous libros, un en galego e outro en castelá.

6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Os titores acordamos realizar todos os días, despois do recreo, de vinte minutos a media hora de lectura, unhas veces silenciosa e outras guiada.
- Un dos días da semana traballamos ademais a ortografía a través da lectura.
- Participaremos en todas as actividades e achegas que se reciban desde a Biblioteca do centro e do Equipo de Dinamización.
- Así mesmo, contemplamos a posibilidade de facer dúas lecturas obrigatorias de dous libros, un en galego e outro en castelá. Este curso 2022/2023 eliximos os seguintes títulos.
 - En Lingua Galega : “**USHA**” de María Reimóndez (Autora) e Iván Sende (Ilustrador).
 - En Lingua Castelá: “**SOPA de EUROPA**” de Rafael Cuadrado Ordóñez

INGLÉS

Na aula de lingua inglesa contamos cunha biblioteca na que se poden atopar lecturas enfocadas aos diferentes niveis así como para educación infantil. Utilizarase a mesma como fonte de recursos para o profesorado e como instrumento de reforzo e ampliación para o alumnado. Deste xeito, e de acordo co que se está a traballar, o alumnado poderá dispoñer dela cando a necesite.

O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria, contará no seu corredor, cun pequeno recuncho adicado á lectura de textos en lingua estranxeira, con libros relacionados cos seus intereses e niveis de lectura, cómics, revistas, xornais, panfletos informativos de cidades estranxeiras...etc.

Nos distintos niveis de primaria, ademáis das diversas lecturas que van xurdindo conforme avanza as unidades, realizarase unha actividade trimestral de fomento á lectura.

Estas actividades poderán variar según o trimestre e as características do grupo e irán dende lecturas grupais, lecturas individuais, contacontos, dramatización de pequenos fragmentos de obras de teatro en inglés...

Ao longo do curso e utilizando varios soportes como libros de texto, libros da biblioteca de aula, artigos, información en formato dixital...etc, tamén se realizarán actividades encamiñadas ao fomento da lectura sobre diversos temas relacionados coa cultura e celebracións inglesas e intereses do alumnado.

MÚSICA

Regulado polo texto consolidado da LOE, o RD.126/2014, os decretos 130/2007 e 105/2014, a nivel autonómico, e a Lei 17/2006 do 27 de decembro do libro e lectura en Galicia. Dende a área de Música reforzaremos esta idea da lectura, entendendo a linguaxe musical como un proceso de lectura no que compartimos moitas características coa lingua: acentuación, fraseo, melodía, entonación, pregunta-reposta..... Así como traballo sobre a prosodia rítmica das cancións, recitado de ladaíñas e dramatizacións. Tamén propónse cancións durante o curso, que teñen o seu propio conto, ou forman parte dun conto, editado e existente na biblioteca escolar.

4.-ENSINO SECUNDARIO

A. PROPOSTAS DOS DEPARTAMENTOS

-Departamento de Educación Plástica e Visual.

En 4º da ESO, se amosará na clase o material que conta a biblioteca sobre cada unidade para que o alumnado saiba da súa existencia. Especialmente nos temas de fundamentos do deseño e na unidade de análise e interpretación dunha obra artística.

No bloque común do currículo, Dimensión social e cultural, farase unha sesión por trimestre na biblioteca virtual.

En 1ºESO na unidade didáctica sobre o cómic, cada alumno collerá un exemplar en préstamo para traballar sobre el.

Co motivo da celebración do día do libro e das letras galegas farase unha actividade

específica en cada curso dunha sesión lectiva, e o posterior desenrolo na aula.

-Departamento de Francés.

En relación co Proxecto Lector que se elaborou no centro e que recolle todas as actuacións do mesmo destinadas ó fomento da lectura, a escritura e as competencias básicas, os materiais curriculares elixidos para traballar nos catro niveis da E.S.O están estruturados xa de acordo coas esixencias da nova lei.

Para cada nivel, en cada unha das seis unidades do libro do alumno atopamos unha parte destinada a traballar a lectura e a escritura a través de textos de diverso tipo que aumentan o seu nivel de complexidade e tamén tenden a ser cada vez máis variados conforme vai aumentando o nivel de francés dos alumnos.

En 4º de E.S.O, (e agora tamén en 3º ESO coa LOMLOE), temos unha sesión máis á semana que nos outros tres niveis e isto permítenos dedicar máis tempo á lectura dos textos do método que son bastante numerosos e variados (texto epistolar, texto narrativo, texto descritivo...etc) así como á expresión escrita.

Paralelamente ás lecturas do libro, o Departamento de Francés contempla a lectura obrigatoria dun libro para o nivel de 4º da E.S.O. Os alumnos deberán ler o libro ó longo do segundo trimestre e posteriormente realizar un traballo de comprensión e expresión escrita e que deberá ser entregado ao final da avaliación. A correcta realización do traballo será puntuado cun máximo de dous puntos na nota do segundo trimestre.

Os textos escollidos para o presente curso son, como ven sendo habitual, da colección Évasion da editorial Santillana, seleccionando un título de nivel 2 ou 3 para 4ª E.S.O.

-Departamento de Inglés.

Tal como se indica na programación de cada nivel, adicárase un tempo mínimo para a lectura e incluíranse prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura a través dos distintos textos e actividades propostas polos libros de texto e dos diversos materiais aportados polas profesoras do Departamento.

Se o seguimento da programación non vai con retraso, podería incluírse un libro de lectura no 2º ou 3º trimestre. A biblioteca e o Departamento dispoñen de exemplares que poderían ser prestados aos alumnos.

-Departamento de Lingua Castelá e Literatura.

Dado que a lectura constitúe unha actividade clave na educación do alumnado, o desenvolvemento do hábito lector debe ser prioritario en todas as materias do currículo e en especial na materia de Lingua Castelá e Literatura.

Son moitos os obxectivos que logramos coa lectura:

- Potenciar o gusto pola lectura, as habilidades de lectoescritura
- Desenvolver estratexias de lectura reflexiva que favorezan as potencialidades do alumnado para realizar unha lectura en valores.

- Entender a lectura como fonte de coñecemento e enriquecemento lingüístico.
- Estimular a elaboración propia de textos a través da lectura comprensiva de modelos.
- Provocar reflexións argumentadas sobre a forma e o tema das lecturas.
- Suscitar a análise e a vivencia estética das manifestacións literarias.
- Fomentar o uso da biblioteca e da aula de informática como espazos de aprendizaxe e goce.
- Impulsar un uso produtivo das TIC que permita localizar e seleccionar datos e informacións de maneira áxil.

Para mellorar a competencia lectora, e desenvolver o hábito lector, o departamento propón as seguintes actividades:

- a) Lectura de diferentes tipos de textos e actividades de comprensión lectora.

En todas as unidades didácticas hai lecturas de textos, seguidos de actividades para traballar a comprensión lectora, a estrutura, o vocabulario, a expresión escrita, así como o desenvolvemento do pensamento crítico.

En moitas ocasións as lecturas dos textos serán complementadas con audicións dos mesmos; con iso preténdese desenrolar a atención e a comprensión auditivas, así como modelar a propia lectura en voz alta, axudando a corrixir a vocalización, entoación, etc. Ademais destas actividades específicas, encamiñadas a mellorar a comprensión lectora e a expresión, a lectura será a base fundamental na explicación dos contidos que forman o currículo desta materia.

- b) Lectura de obras completas axeitadas á idade do alumnado.

Dada a área na que nos atopamos, consideramos que a lectura é imprescindible para a formación do noso alumnado. Na elección das obras indicadas para cada trimestre temos en conta a idade dos alumnos. As propostas están tamén marcadas pola necesidade de traballar de forma homoxénea a lectura nalgún tempo de clase. Á marxe da obra proposta, ofrécese unha lista de lecturas voluntarias para que podan elixir outras obras en función dos seus intereses. Nos niveis de 3º e 4º, consideramos que debemos orientar a elección do alumno hacia os clásicos da nosa literatura, acorde cos periodos estudiados.

(Na nosa PD están indicadas as lecturas concretas marcadas para cada nivel).

- c) Toma de contacto coa literatura na súa vertiente oral

O alumnado realizará exercicios de expresión oral como recitados poéticos, dramatizacións de textos, que implican un traballo previo de contacto coa literatura. Tentaremos asistir a representacións teatrais, recitais poéticos, sesións de contacontos

- d) Promover o interés pola literatura

Mediante a celebración de datas relacionadas coa lectura: *día do Libro, día das Letras Galegas*, efemérides de obras literarias, homenaxes a autores, etc. En cada ocasión recurriremos á lectura de textos como modo de coñecemento.

- Departamento de Matemáticas.

Para fomentar a lectura os alumnos/as lerán a introdución de cada tema e os enunciados dos problemas propostos na clase.

Intentarase levar a cabo algunhas das actividades seguintes:

- Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou xornais relacionados coas Matemáticas.
- Realización de traballos de investigación.
- Realización dun traballo relacionado cos seguintes libros de lectura: Malditas matemáticas, Alicia en el país de los números e El asesinato del profesor de matemáticas.

As actuacións que se levaran a cabo desde a materia para desenvolver o proxecto lingüístico serán as seguintes:

- Respetarase a lingua establecida polo proxecto lingüístico para a docencia da materia.
- Utilizaranse as medidas de apoio e reforzo establecidas para o correcto uso lingüístico educativo, para alcanzar o obxectivo de fomento do plurilingüismo.
- Adoptaranse medidas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir aproveitando as ensinanzas que se imparten.
- Colaborarase nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

- Departamento de Música.

O departamento de música ten previsto incorporar nas súas clases o fomento da lectura por parte dos alumnos como complemento da información recollida na clase así coma complemento da explicación teórica dos contidos do tema.

Para iso terase moi presente o curso no que están os alumnos e polo tanto o seu nivel de comprensión, vocabulario, etc.

Xeralmente o traballo será guiado por parte do profesor de xeito que fundamentalmente realizárase na clase.

Os obxectivos propostos dende o departamento de música son os seguintes:

- Fomentar o interese de textos musicais como complemento de información.
- Coñecer os tipos de textos máis importantes na procura de información sobre os diferentes períodos da historia da música (biografías, cartas, revistas da época...)
- Manexar e buscar fontes musicais escritas.
- Discriminar a información relevante dentro do propio texto extraendo as ideas principais e separándoas das secundarias.
- Recoñecer o significado da palabra segundo o seu contexto.

- Coñecer textos antigos que recollen información sobre aspectos esenciais da música e traballar con eles concluindo as aportacións principais ao estudo do fenómeno musical.
- Empregar a lectura comprensiva dos propios contados do libro de texto coma referencia fundamental do estudo.

Estes obxectivos traballaranse nas seguintes actividades:

2º ESO:

- Lectura comprensiva de entrevistas ou artigos relacionados cos temas que se estean traballando (tipos de voces, contaminación acústica, etc).

4º ESO:

- A temática actual dos contidos da materia neste ano son ideais para traballar con textos actuais coma prensa ou revistas en relación con que está a acontecer no mundo social que lles rodea.
- Traballo con noticias do periódico relacionadas cos temas tratados na clase.
- Lectura de críticas musicais.
- Lectura de entrevistas a músicos relacionados co temario

-Departamento de Física e Química.

O departamento de Física e Química desexa participar no desenvolvemento do proxecto lector do centro intentando achegar ao alumno á lectura e á Ciencia. Somos conscientes do interese e curiosidade que esperta en certo tipo de alumnado os temas de corte científico. Por iso aproveitaremos esta situación para invitar ao alumnado dunha forma natural e non forzada á lectura. A nosa intención é que o alumno sinta a satisfacción que xorde da actividade de ler non so sobre temas científicos senón de calquera temática.

Para fomentar a lectura os alumnos/as lerán cada tema e os enunciados dos problemas propostos na clase de xeito comprensivo. Dadas as características destas materias é imprescindible dedicar tempo a que entendan as distintas definicións e interpreten adecuadamente os enunciados dos exercicios, buscando as relacións coas distintas leis estudadas.

Poderanse propoñer ademais actividades que fomenten a divulgación científica ou a lectura de libros con temática científica tales como : La puerta de los tres cerrojos (Sonia Fernández Vidal), Quantic Love (Sonia Fernández Vidal), ¿Por qué el cielo es azul? (Javier Fernández Panadero), La clave secreta del Universo (Lucy y Stephen Hawking), La cuchara menguante (Sam Kean), El asesinato de la profesora de Ciencias (Jordi Sierra y Fabra).

-Departamento de Latín.

O Departamento de Latín contempla diversas medidas e actividades para potenciar a capacidade e a comprensión lectoras, para o fomento do hábito de lectura (como fonte de gozo e enriquecemento persoal, como ferramenta para a ampliación dos coñecementos, como ximnasia para a mellora da propia expresión) e para o uso crítico da información obtida mediante lectura. Así,

- Artículanse numerosas actividades no contexto da clase para o desenvolvemento dos contidos do currículo, en cada curso e nivel, en base á lectura, comentario e comprensión crítica de todo tipo de textos.
- Estabelécense para cada curso e nivel unha serie de lecturas con carácter obrigatorio.
- Ofrecense para cada curso e nivel listaxes amplas de lecturas con carácter voluntario, encadradas en diversos xéneros sobre as que poden realizarse traballos opcionais que serán tidos en conta na avaliación do rendemento académico do alumnado.

Para este curso o departamento propón os seguintes títulos:

Angelidou, Maria . Mitos griegos. Editorial Vicens Vives.

Lively, Penelope . En busca de una patria. La historia de la Eneida. Edt. Vicens Vives.

Riordan, James. Jasón y los argonautas. Edt. Vicens Vives.

Sutcliff, Rosemay. Naves negras ante Troya. La historia de la *Ilíada*. Edt. Vicens Vives.

Sutcliff, Rosemay. Las aventuras de Ulises. La historia de la Odisea. Edt. Vicens Vives.

-Departamento de Xeografía e Historia.

As materias que son impartidas polos membros deste departamento necesitan, para o seu desenvolvemento cotián, dun uso e aproveitamento de variadas fontes escritas. De tal maneira, os membros deste departamento acordamos non establecer ningunha lectura obrigatoria máis alá dos textos (históricos e historiográficos) que traballemos cos alumnos/as na aula, seguindo a nosa propia programación e as novelas históricas seleccionadas para cada nivel.

Todas as materias vinculadas ás Ciencias Sociais e Humanidades procuran do desenvolvemento da capacidade de lectura comprensiva, e a metodoloxía didáctica encamiñada ao desenvolvemento desa competencia lectora ten que ser capaz de proporcionar ao alumno unha aprendizaxe significativa.

Neste curso proporase ao alumnado, unha serie de libros, a elixir, relacionados coas unidades didácticas traballadas, de maneira que non só lles sirva para reforzar ou ampliar coñecementos senón tamén para fomentarlles o hábito da lectura.

Unha fracción de tempo dunha sesión cada dúas semanas empregarase nesa actividade lectora, non só para o feito en si da lectura senón tamén para aclarar todo tipo de dúbidas.

Os libros recomendados, procurarase que sexan fondo da biblioteca do centro. Así non só aforrarán cartos as súas familias senón tamén lles animará a visitar o espazo de lectura por excelencia do centro, dándolles ademais pé para que visiten outras bibliotecas fóra do recinto escolar.

Sendo unha experiencia moi positiva nos cursos anteriores, como quedou plasmado na memoria, os libros de lectura que se proporán serán os mesmos, xa que se axustan ao contexto histórico da programación.

-Departamento de Lingua Galega.

A materia de Lingua e Literatura Galega, polas súas características intrínsecas, está vinculada permanentemente á lectura. A formación da lectura comprensiva esixe un traballo progresivo e continuado. Os obxectivos xerais que pretendemos acadar son:

- 1 Consolidar os hábitos de lectura de cada alumno.
- 2 Potenciar a súa comprensión lectora.
- 3 Ver a literatura como unha fonte de pracer.

Encadradas dentro do proxecto lector do centro, o departamento de lingua e literatura galegas promoverá unha serie de actuacións, como vén sendo habitual, encamiñadas a potenciar o interese pola lectura e pola creación literaria entre o noso alumnado.

Neste sentido, colaboramos estreitamente durante o curso coas profesoras encargadas da Biblioteca, para favorecer todo o labor promovido desde ese ámbito, que tan claramente se vincula coa nosa materia en particular.

Facilitaremos a creación dos alumnos e alumnas involucrándoos na elaboración da revista do centro, informándoos de concursos, certames, etc. que poidan motivalos e interesarlles.

Materiais empregados

Partiremos fundamentalmente dos libros de texto e do material diverso que facilitaremos aos rapaces e rapazas.

Tamén procuraremos a familiarización cos medios informáticos e audiovisuais á nosa disposición no centro, achegando ao noso alumnado ao manexo destes instrumentos nas súas creacións ou na procura da información que poidan precisar a través de ferramentas como INTERNET.

Metodoloxía e temporalización

Unha tipoloxía variada de textos serán levados á aula: texto xornalístico, literario, argumentativo, expositivo ou publicitario e dos medios de comunicación. Autores e obras tanto de autores galegos como da literatura universal serán lidos nas aulas ..

Cada trimestre lerase faranse diferentes lecturas, comprobando a súa comprensión e analizando os seus elementos narrativos, ou consultarase diversas fontes textuais para realizar un traballo de pesquisa ou farase unha proba de exposición oral. Estas opcións quedarán a criterio do profesor ou profesora.

Completaranse os traballos de lectura comprensiva e de comentario co achegamento aos textos incluídos en cada unidade do libro de texto. Pouco a pouco irase aproximando ao alumnado aos textos literarios dos diferentes xéneros, así como ás figuras máis sobranceiras da historia da nosa literatura.

O alumnado realizará polo menos unha proba de exame escrito ou oral ademais dos traballos que o profesor determine tendo en conta o nivel inicial e o nivel de

progresión na materia para acadar os obxectivos mencionados.

En 2º e 4º de ESO, distribuiranse as tres sesións para traballar contidos do currículo e deixaranse algunhas sesións ao longo do trimestre para parte da elaboración de traballos e avaliación dos mesmos. Cada trimestre lerase un libro ou faranse diferentes lecturas, comprobando a súa comprensión e analizando os seus elementos narrativos, ou consultarase diversas fontes textuais para realizar un traballo de pesquisa ou farase unha proba de exposición oral. Estas opcións quedarán a criterio do profesor ou profesora.

As lecturas tanto as literarias como as discursivas seleccionaranse en función do nivel, gusto, interese e utilidade coa finalidade de acadar progresivamente a comprensión de lecturas dunha maior complexidade.

En todos os niveis, dedicaremos sesións ao coñecemento e uso das Bibliotecas virtuais. Utilizaremos estes espazos e ferramentas para a visualización e audición de materiais relacionados coas lecturas que se vaian tratando nos diferentes niveis, fomentaremos a creación literaria, o manexo da información para a elaboración de traballos relacionados cos contidos da materia en cada curso procurando tanto o traballo individual como en pequeno ou gran grupo.

-Departamento de Educación Física.

Contribuirase mediante a lectura de artigos de prensa, e outros documentos relacionados cos proxectos traballados ao longo do curso que lles permitan recabar información e analizar a realidade na que vivimos.

-Departamento de Economía.

As materias obxecto de esta programación necesitan, para o seu desenvolvemento cotián, dun uso e aproveitamento de variadas fontes escritas. De tal maneira que acordamos non establecer ningunha lectura obrigatoria máis alá dos textos que traballemos cos alumnos na aula.

Procúrase o desenvolvemento da capacidade de lectura comprensiva, e a metodoloxía didáctica encamiñada ao desenvolvemento desa competencia lectora ten que ser capaz de proporcionar ao alumno unha aprendizaxe significativa.

Unha fracción de tempo dunha sesión cada semana empregárase nesa actividade lectora (artigos de xornais, fragmentos de biografías, páxinas web, etc).

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O CPI do Feal é un centro que engloba contorna rural e urbana, polo que a comunidade lingüística coa que nos atopamos é completamente heteroxénea. No curso 2018 -2019 actualizouse o Proxecto Lingüístico e os datos recollidos para a súa elaboración amosan que o 53% das familias falan predominantemente en castelán, o 24,9% das familias asegura falar só castelán, o 18% falan en castelán e galego por igual, o 2,7% fala maioritariamente en galego, o 0,8% fala noutras linguas e unicamente o 0,5% fala só en galego.

Como se pode observar, situámonos nun contexto castelanfalante onde a maioría das familias empregan unicamente o castelán, polo que o alumnado non está exposto fóra da escola ao galego. Polo tanto, e dado que no entorno familiar de moitos alumnos e alumnas do centro non se emprega a lingua galega, o EDLG ten a misión de potenciar o seu uso para conseguir que o galego ocupe o lugar que lexítimamente lle corresponde. Continuaremos este curso a traballar mediante dúas vertentes, por unha banda favorecendo o emprego da lingua na vida diaria do centro tanto co alumnado como coas súas familias e por outra banda deseñaremos actividades que inculquen o valor da nosa lingua en todos os contextos e que procuren unha adquisición de hábitos en canto á súa normalización.

2. DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS

Baseándonos na situación sociolingüística do centro, teremos como obxecto principal:

1. Fomentar a extensión e a diversidade dos usos sociais da lingua galega, principalmente os usos orais.
2. Desactivar os prexuízos e estereotipos sociolingüísticos que aínda pesan sobre ela.
3. Fomentar o uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.
4. Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa.
5. Fomentar os valores identitarios e diferenciais da lingua galega.
6. Promover accións encamiñadas a garantir os dereitos lingüísticos do alumnado durante a súa escolaridade.
7. Establecer relacións con persoas e entidades da contorna que colaboren na recuperación da lingua.
8. Facilitar todo tipo de información legal aos diversos órganos (claustro, consello escolar...) e incentivar o cumprimento dos mínimos legais con respecto do uso do galego no centro.
9. Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega, desbotando así prexuízos e actitudes negativas.
10. Utilizar a lingua galega nas actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación (páxina web do centro, traballo escolar con ordenadores...).
11. Empregar as TIC como medio de inclusión da lingua galega.

12. Fomentar, a través de xogos e outras actividades lúdicas o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
13. Recuperar as tradicións da cultura galega e exaltar o seu valor.
14. Organizar actividades complementarias e extraescolares que contribúan a difundir a cultura galega.
15. Integrar ás familias nas actividades destinadas á dinamización da lingua galega.

En canto ao alumnado:

1. Conseguir que o alumnado que ten o galego como lingua habitual poida manter a súa lingua e consolidar unha competencia plena nela.
2. Conseguir que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en lingua galega.
3. Achegarlles diferentes tipos de textos escritos en lingua galega.
4. Fomentar que o alumnado valore a lingua galega como propia.
5. Fomentar o recoñecemento da diversidade lingüística como feito enriquecedor.

3. ACTIVIDADES

Actividades (previsión)	Temporalización		
	T1	T2	T3
Samalá (contacontos, decoración, concurso de relatos)			
Magosto (recollida de mostras de literatura popular relacionadas co Magosto)			
Calendario (Temática: escritor@s da comarca de Ferrol)			
Commemoración do Día da non Violencia e da Paz			
Celebración do Entroido e actividades relacionadas (obradoiros, concursos...)			
Celebración do día de Rosalía de Castro			
Actividades arredor do Día Internacional da Muller			
Semana da Prensa (traballo na aula con xornais)			
Commemoración do Día das Artes Galegas			
Semana do Libro			
Día internacional contra o Acoso Escolar			
Certame intercentros			
Celebración dos maios			
Participación no Correlingua			
Semana das Letras Galegas (actividades arredor da figura de Francisco Fernández del Riego)			
Elaboración da revista escolar <i>A Tribo</i>			

4. MEMBROS DO EDLG NO CURSO 202/2023

Coordinadora	Rosalía Ferreiro García
Educación Infantil	Vanesa Espiño Fuentes
Educación Primaria	Laura Rodríguez Fuentes María Matilde Alvariño Soto Montserrat Fernández Carballeira Aurora Sandra Caneiro del Pulgar
Educación Secundaria	Concepción Parada González M ^a Mar González Veiga
Departamento de Orientación	Irene Fernández Faraldo
Persoal non docente	Andrea Mauriz Caínzos
Alumnado	Lidia Rodríguez López Maite Sánchez Primoy Nerea Trigo Salgado

DOCUMENTO Nº 7

FORMACIÓN DO PROFESORADO

PEFP

Dende o ano 2017, o centro conta cun plan de formación de profesorado dentro do cal xa se realizaron mobilidades para formarse no estranxeiro (enmarcado dentro do programa ERASMUS +, e, en colaboración co CFR de Ferrol).

Durante este curso, o noso obxectivo, será continuar con ese plan de formación de profesorado na materia de robótica, poñendo en práctica e seguindo no campo da realidade virtual e intelixencia artificial e, incorporando unha formación para o uso e posta en marcha da radio escolar.

Incorpórase neste novo curso, unha liña de formación, relacionada coa aprendizaxe da linguaxe de signos e outra sobre Educación Emocional.

Continuarase tamén coa liña de internacionalización do centro, en base á aplicación, no noso centro educativo, das distintas experiencias en “jobshadowing” e das mobilidades Erasmus+ realizadas polo profesorado do centro.

**MATERIAL CURRICULAR DE EDUCACIÓN INFANTIL
CPI DO FEAL - NARÓN
CURSO 2022-2023**

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
4º ED. INFANTIL	LECTOESCRITURA	MIS TRAZOS -NÚMERO 1. 2013 SANTILLANA	978-84-680-1535-4	CAST
5º ED. INFANTIL	LECTOESCRITURA	CADERNO DE LECTOESCRITURA PROYECTO LECTO + NIVEL 2 SANTILLANA 2020	978-84-680-5826-9	CAST
6º ED. INFANTIL	LECTOESCRITURA	MIS LETRAS CON ENLACE INICIAL. VERSIÓN PAUTA - NÚMERO 3. SANTILLANA 2013	978-84-680-1202-5	CAST

**MATERIAL CURRICULAR DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CPI DO FEAL - NARÓN
CURSO 2022-2023**

1º NIVEL EDUCACIÓN PRIMARIA

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º EP	MATEMÁTICAS	PROYECTO CONSTRUYENDO MUNDOS (LIBRO TRIMESTRAL). SANTILLANA	978-84-680-7131-2	CAST
1º EP	L. GALEGA	PROXECTO CONSTRUÍNDO MUNDOS. LECTOESCRITURA. SANTILLANA	978-84-9185-399-2	GAL
1º EP	L. CASTELÁ	PROYECTO CONSTRUÍNDO MUNDOS. LECTOESCRITURA (CUADERNO PAUTA) SANTILLANA	978-84-680-7123-7	CAST
1º EP	C. NATUREZA	PROXECTO CONSTRUÍNDO MUNDOS. SANTILLANA	978-84-9185-411-1	GAL
1º EP	C. SOCIAIS	PROXECTO CONSTRUÍNDO MUNDOS. SANTILLANA	978-84-9185-414-2	GAL
1º EP	L. INGLESA	AMAZING ROOFTOPS 1 CLASSBOOK EDITORIAL OXFORD	9780194167154	ING
1º EP	L. INGLESA	AMAZING ROOFTOPS 1 ACTIVITY BOOK EDITORIAL OXFORD	9780194167147	ING
1º EP	RELIXIÓN	RELIGIÓN CATÓLICA ANAYA	978-84-698-9718-8	CAST

2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
2ºEP	MATEMÁTICAS	SABER FACER CONTIGO (CUADERNOS TRIMESTRALES) SANTILLANA	1º TRIMESTRE: 978-84-680-4532-0 2º TRIMESTRE: 978-84-680-4531-3 3º TRIMESTRE: 978-84-680-4539-9	CAST
2ºEP	L. GALEGA	SABER FACER CONTIGO (CUADERNOS TRIMESTRALES) SANTILLANA	1º TRIMESTRE: 978-84-9185-067-0 2º TRIMESTRE: 978-84-9185-068-7 3º TRIMESTRE: 978-84-9185-066-3	GAL
2ºEP	L. CASTELÁ	SABER FACER CONTIGO (CUADERNOS TRIMESTRALES) SANTILLANA	1º TRIMESTRE: 978-84-680-4366-1 2º TRIMESTRE: 978-84-680-4385-2 3º TRIMESTRE: 978-84-680-4382-1	CAST
2ºEP	C. NATUREZA	SEN LIBRO		GAL
2ºEP	C. SOCIAIS	SEN LIBRO		GAL
2ºEP	L. INGLESA	AMAZING ROOFTOPS 2 CLASSBOOK EDITORIAL OXFORD	9780194167413	ING
2ºEP	L. INGLESA	AMAZING ROOFTOPS 2 ACTIVITY BOOK EDITORIAL OXFORD	9780194167406	ING
2ºEP	RELIXIÓN	RELIGIÓN CATÓLICA ANAYA	978-84-698-9722-5	CAST

3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
3º E. P.	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS - CONSTRUYENDO MUNDOS-2022 -SANTILLANA	978-84-680-7136-7	CAS
3º E. P.	L. GALEGA	LINGUA - CONSTRUYENDO MUNDOS- 2022- SANTILLANA	978-84-9185-409-8	GAL
3º E. P.	L. CASTELÁ	LENGUA - CONSTRUYENDO MUNDOS-2022 MOCHILA LIGERA- SANTILLANA	978-84-680-7201-2	CAST
3º E. P.	C. NATUREZA	CIENCIAS DA NATUREZA - CONSTRUYENDO MUNDOS -2022-SANTILLANA	978-84-9185-410-4	GAL
3º E. P.	C. SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS - CONSTRUYENDO MUNDOS-2022-SANTILLANA	978-84-9185-416-6	GA
3º E. P.	L. INGLESA	AMAZING ROOFTOPS 3 ACTIVITY BOOK EDITORIAL OXFORD	9780194167635	ING
3º E. P.	RELIXIÓN	SEN LIBRO		

4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
4º EP	MATEMÁTICAS	SABER HACER – SANTILLANA - 2015	978-84-830-5609-7	CAST
4º EP	L.CASTELÁ	SABER HACER – SANTILLANA - 2015	978-84-680-2956-6	CAST
4º EP	C. NATURAIS	SABER FACER – SANTILLANA - 2015	978-84-9972-600-7	GAL
4º EP	C. SOCIAIS	SABER FACER – SANTILLANA - 2015	978-84-9972-714-1	GAL
4º EP	L.GALEGA	SABER FACER – SANTILLANA - 2015	978-84-9972-616-8	GAL
4º EP	L. INGLESA	ROOFTOPS 4 AB – ED. OXFORD	9780194167918	INGL
4º EP	VALORES	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS – ANAYA 2015	978-84-678-8031-1	GAL
4º EP	RELIXIÓN	RELIGIÓN CATÓLICA – 2015	978-84-678-8395-4	CAST

5º-6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Os cursos de 5º e 6º de educación primaria traballarán co libro dixital ao ter aprobado o programa Edixgal

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
5º EP	L. INGLESA	AMAZING ROOFTOPS 5 ACTIVITY BOOK OXFORD	9780194168151	INGLÉS
6º EP	L. INGLESA	ROOFTOPS 6 AB OXFORD	9780194168427	INGLÉS

MATERIAL CURRICULAR DE EDUCACIÓN SECUNDARIA CPI DO FEAL - NARÓN CURSO 2022-2023

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º ESO	INGLÉS	Burlington Teamwork 1º ESO Workbook ed. Burlington Books	ISBN: 9789925305094	ING
2º ESO	INGLÉS	Burlington Teamwork 2º ESO Workbook ed. Burlington Books	ISBN: 9789925304639	ING
3º ESO	INGLÉS	Burlington Teamwork 3º ESO Workbook ed. Burlington Books	ISBN: 9789925304691	ING
4º ESO	INGLÉS	Burlington Teamwork 4º ESO Workbook ed. Burlington Books	ISBN: 9789925304752	ING

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º ESO	CLUB PARACHUTE1 PACK CAHIER D'EXERCICES	SANTILLANA	9788490493977	FRANCÉS
2º ESO	CLUB PARACHUTE2 PACK CAHIER D'EXERCICES	SANTILLANA	9788490494004	FRANCÉS
3º ESO	CLUB PARACHUTE3 PACK CAHIER D'EXERCICES	SANTILLANA	9788490494028	FRANCÉS
4º ESO	CLUB PARACHUTE4 PACK CAHIER D'EXERCICES	SANTILLANA	9788490494042	FRANCÉS

Lembrede que todos os cursos de ESO están en EDIXGAL.

Este curso seguíu a funcionar o fondo de libros de texto da xunta de Galicia nos cursos de 3º e 4º de Educación Primaria, polo que, para algunhas familias, non foi necesaria a compra de todos os libros de texto mencionados nos listados anteriores.

En 5º e 6º de Educación Primaria e en toda a Educación Secundaria, traballárase co proxecto Edixgal, polo que durante este curso, o alumnado contará con material e libros dixitais tanto nas aulas como nas súas casas.

Para complementar este fondo de libros da Xunta de Galicia, no noso centro contamos tamén cun banco de libros de carácter voluntario e xestionado pola ANPA que tamén segue a funcionar durante este curso 2021/22.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	643
2. CARACTERÍSTICAS E NECESIDADES DO CENTRO.....	643
3. OBXECTIVOS DO PLAN.....	643
4. ESTRUCTURAS E PROGRAMAS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA NO CENTRO.....	654
4.1. OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA.....	654
4.2. AULA DE CONVIVENCIA	664
4.3. PROGRAMAS ESPECÍFICOS POR CICLOS E NIVEIS	665
5. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN.....	676
5.1. ACCIÓN TITORIAL	676
5.1.1. ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACCIÓN TITORIAL	676
5.1.2. ACTIVIDADES INDIVIDUAIS DE ACCIÓN TITORIAL	686
5.1.3. ACTUACIÓNS COAS FAMILIAS	686
5.1.4. TRASPASO DE INFORMACIÓN	687
5.1.5. ACTUACIÓNS PRIORITARIAS	697
5.2. ACTUACIÓNS DENDE A DIRECCIÓN DO CENTRO	719
5.3. ACTUACIÓNS DA XEFATURA DE ESTUDOS	7170
5.4. ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	7270
5.5. COORDINACIÓN COS SERVIZOS EXTERNOS	7270
6. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA..	70
72	
6.1. NORMAS DE CONVIVENCIA	7271
6.2. PROCEDEMENTOS DE RESOLUCIÓN DE CONFLITOS	7371
6.3. ACTUACIÓNS ANTE A VIOLENCIA ESCOLAR.....	7472
7. FORMACIÓN SOBRE TEMAS DE CONVIVENCIA ESCOLAR.....	7472
8. MECANISMOS DE DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	7472

1. INTRODUCCIÓN

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas, máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato, etc., non teñan cabida.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

Educamos para a convivencia cando xeramos accións co fin de que o alumnado aprenda a vivir en sociedade e a resolver problemas da vida cotiá. Debido a isto, resulta fundamental xuntar os esforzos de toda a comunidade educativa, e en especial do profesorado independentemente da súa especialidade ou ciclo, para a posta en marcha dun traballo pensado e deseñado dende unha perspectiva didáctica.

Entendemos a convivencia non como a situación na que non existen conflitos, senón como a situación na que os conflitos se resolven de xeito non violento, baseado na tolerancia o respecto e o diálogo.

As **finalidades** dunha educación integral para a convivencia son a seguintes:

- Preparar a todo o alumnado para unha vida social adulta
- Asumir e practicar valores cívicos e democráticos
- Mellorar o clima escolar
- Atender a diversidade

2. CARACTERÍSTICAS E NECESIDADES DO CENTRO

Aparecen recollidas no Documento Base do Plan de Convivencia.

3. OBXECTIVOS DO PLAN

A convivencia é unha tarefa común de toda a comunidade, a participación de todos é inescusable e necesaria para conseguir os seus fins. Un dos nosos principais desafíos é proporcionar aos alumnos/as unha educación de calidade aberta para todos, inclusiva, integradora e baseada na diversidade.

O Plan de convivencia terá sempre como referente o Proxecto Educativo, polo que os principios e valores que se recollen nel pautará todas actuacións deste plan.

Para a elaboración do actual Plan de convivencia tomamos como referencia os **obxectivos e principios de actuación** seguintes:

1. Desenvolver axeitadamente as relacións entre todos os compoñentes da nosa comunidade educativa.
2. Priorizar aquelas actuacións preventivas destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa. Utilizaremos o Plan de Acción tutorial (PAT), boletíns informativos ás familias.
3. Implicar a todos os sectores da comunidade educativa na difusión e seguimento do Plan, co fin de evitar incoherencias de actuacións.
4. O **diálogo** será a peza fundamental da convivencia do centro, así como na resolución de problemas que xurdan.
5. Desenvolver unha intervención preventiva como medio para acadar un bo clima de convivencia.

6. Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que perturban o clima da clase para evitar conflictividade e diminuír as condutas máis graves.
 7. Priorización a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación, a mediación, nun esforzo conxunto de todos.
 8. Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas, só cando as estratexias motivacionais e educativas non dean resultados e porque se poidan xerar males maiores.
 9. A xestión e organización do centro será **participativa**, a través dos órganos colexiados e unipersoais.
- No marco legal da Lei 4/2011 e o Decreto 8/2015 e no portal educaconvives.gal.

4. ESTRUCTURAS E PROGRAMAS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA NO CENTRO

4.1. OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA

Tratase dun órgano colexiado para reflexionar e investigar sobre o estado da convivencia do centro e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura da paz e a mellora do clima de convivencia do centro.

Composición:

- O director/a.
- O Xefe/a de estudos de Primaria e o Xefe/a de Estudos de Secundaria.
- Catro profesores/as.
- Un alumno/a.
- Un pai ou nai.
- Un representante do persoal non docente.
- O orientador/a, se procede, que fará as veces de dinamizadora do plan.
- Calquera outro membro da Comunidade educativa implicado no tema a tratar.

Competencias:

- Dinamizar o plan de convivencia do centro
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia
- Informar ao Consello Escolar
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia
- Propoñerlle á Administración as medidas oportunas para mellorar a convivencia

Reunións:

- A comisión de convivencia reunirse ao menos unha vez por trimestre.
- Ademais reunirse cando a ocasión o requira para ser informada, consultada ou asesorada.
- A convocatoria destas reunións deberá ter en conta a dispoñibilidade horaria de todos os membros para facilitar a súa asistencia. Serán convocados polo Director/a do centro.

Información das decisións:

As informacións e acordos tomadas despois de cada reunión da comisión de Convivencia deberán ser coñecidas por todos os sectores da comunidade educativa.

4.2. AULA DE CONVIVENCIA

Este curso académico, a aula de convivencia volverá a estar operativa, despois da situación de alerta sanitaria vivida estes dous anos anteriores.

Obxectivos:

- Habilitar un espazo que proporcione ó alumnado as condicións necesarias sobre a súa conduta contraria ás normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e como afecta todo isto ao desenvolvemento das clases.
- Permitir que os alumnos/as aprendan a responsabilizarse das súas propias accións, pensamentos e sentimentos cara aos demais.
- Reconstruír e favorecer a autoestima e autocontrol.
- Mellorar a vida académica e persoal do alumno/a.

Atención ao alumnado na aula de convivencia:

- Os alumnos deberán acudir cando sexan expulsados dunha clase como consecuencia da imposición dunha medida disciplinaria.
- O alumno expulsado debe acudir á aula de convivencia cun parte de apercibimento debidamente cuberto polo profesor que impón a sanción.
- O alumno/a deberá cubrir unha ficha de reflexión persoal de condutas para cubrir coa axuda do profesor encargado antes de comezar o traballo da aula.
- Esta ficha deberá engadirse ao parte de apercibimento para a súa entrega ao Xefe/a de Estudos.
- As fichas de reflexión persoal archivaranse na aula de convivencia e servirán de punto de partida para a análise das condutas perturbadoras do alumno/a.

4.3. PROGRAMAS ESPECÍFICOS POR CICLOS E NIVEIS

PARA TODOS OS CICLOS E NIVEIS DO CENTRO:

- Programa para a inclusión do alumnado de orixe estranxeira.

EDUCACIÓN INFANTIL

- Programa de adaptación e acollida para os alumnos de novo ingreso.
- Celebración do día da Paz.
- Dramatización de contos, lecturas, murais, etc.

EDUCACIÓN PRIMARIA

- Programa de transición á ESO (6º curso)
- Programa de acollida para o alumnado de novo ingreso dos centros adscritos (5º EP).
- Celebración do Día da Paz.
- Dramatización de contos, lecturas, murais, etc.

ESO

- Programa de acollida para os alumnos de novo ingreso (Programa de Transición á ESO).
- Programa de habilidades sociais.
- Autoestima e autoconcepto.
- Obradoiros de Educación afectivo-sexual.
- Obradoiros de prevención de ludopatías.
- Obradoiros de prevención e intervención ante os micromachismos.
- Resolución pacífica de conflitos.
- Mediación.

Anualmente, o Observatorio de Convivencia do Centro fará ao inicio de curso, unha proposta de programas encamiñados á mellora da convivencia no centro.

Estes plans avaliaranse ao remate do curso escolar na Comisión de Convivencia.

O resultado desta análise recollerase na Memoria final do Observatorio e servirá como base para a programación do seguinte curso escolar.

5. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN

5.1. ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial debe considerar como obxectivo prioritario a **promoción da cultura da paz e non violencia** no Centro, xa que estamos convencidos do papel mediador que o titor ou titora pode xogar na resolución pacífica dos conflitos. Así mesmo a orientación e acción titorial nos centros educativos é competencia de todo o profesorado.

5.1.1. ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACCIÓN TITORIAL

ACOLLIDA e PRESENTACIÓN

Obxectivos:

- Fomentar o coñecemento e a integración dos alumnos no seu grupo.
- Coñecer as estruturas básicas do centro e o funcionamento das mesmas.
- Informar sobre a organización académica do curso, obxectivos propios do mesmo, horarios e equipo docente.
- Prestar especial atención á acollida do alumnado con dificultades de adaptación.
- Coñecer as normas básicas de convivencia no centro e as medidas para a regulación das mesmas.

COHESIÓN E INTEGRACIÓN NO GRUPO

Obxectivos:

- Potenciar as habilidades comunicativas do grupo.
- Desenvolver a cohesión e a apertura do grupo.
- Fomentar o coñecemento entre os alumnos.
- Asumir o reparto de responsabilidades.

REPRESENTANTES DO GRUPO. ELECCIÓN DE DELEGADOS

Obxectivos:

- Coñecer as funcións dos delegados de grupo.
- Elixir os representantes do grupo de xeito serio e responsable.

5.1.2. ACTIVIDADES INDIVIDUAIS DE ACCIÓN TITORIAL

ENTREVISTAS INDIVIDUAIS CO ALUMNADO

- Con problemas de comportamento
- Con problemas de integración ao grupo
- Con problemas de motivación cara ao estudo
- Con problemas de aprendizaxe
- En risco de abandono escolar prematuro
- Alumnado en situación de absentismo escolar
- Cando os alumnos/as o soliciten.

5.1.3. ACTUACIÓNS COAS FAMILIAS

ACTIVIDADES GRUPAIS

- Reunión informativa ao comezo do curso escolar
- Actuacións grupais cando o equipo docente o estime oportuno.

ENTREVISTAS PERSOAIS

Os criterios de prioridade das entrevistas serán:

- Alumnado implicado en graves problemas de comportamento e convivencia
- Alumnado con absentismo escolar
- Peticións dos pais de alumnado implicado en situacións antes enumeradas ou afectado con problemas de saúde física ou psíquica
- Alumnado con dificultades importantes de aprendizaxe (NEE, repetidores, promocionados por imperativo legal, con máis de 3 pendentes nas avaliacións..)

Previamente á entrevista recollerase información do Equipo Docente.

Deberá constar rexistro escrito das entrevistas realizadas: data, asistentes, asuntos e acordos.

Cando as circunstancias o requiran presentarse un membro do equipo directivo ou o orientador/a do centro.

5.1.4. TRASPASO DE INFORMACIÓN

O obxectivo deste apartado é contar coa información inicial do alumnado que permita a adecuación da atención dos aspectos curriculares e de convivencia dende o inicio de curso.

No caso de alumnado de novo ingreso ou procedentes de Primaria do CPI, realizarase previamente unha entrevista de traspaso co titor do curso anterior.

Ao comezo de cada curso nas reunións dos Equipos docentes do Centro, a orientadora informará aos profesores dos diferentes ciclos e materias da relación de alumnos con NEE.

5.1.5. ACTUACIÓNS PRIORITARIAS

- Na **etapa de infantil e primaria**, actividades de educación en valores nas titorías.
- En colaboración coa Biblioteca de Primaria, selección de lecturas sobre a educación para a convivencia.

ALGUNHAS ACTIVIDADES CONCRETAS A DESENVOLVER PARA MELLORAR A CONVIVENCIA

OBXECTIVO: Acadar o desenvolvemento de xeito harmónico, progresivo e completo, das súas capacidades e habilidades, facilitando a integración social.
ACTIVIDADES: <ul style="list-style-type: none"> - Charlas puntuais de titoría. - Murais, debuxos comunitarios. - Participación en festas e en todas as actividades que conleven a colaboración do alumnado no marco do currículo e a Programación Xeral Anual.
RECURSOS: Aula, Biblioteca, material da aula, material do alumno, persoal docente.
AXENTES: Profesor, alumnos, resto da comunidade educativa.
TEMPORALIZACIÓN: Ao longo do curso.
METODOLOXÍA: Participativa, activa e integradora.

OBXECTIVO: Coñecer e cumprir as normas da Aula e do Centro.
ACTIVIDADES: <ul style="list-style-type: none"> - Carteis comunitarios de aula. - Contratos. - Lectura de fábulas. - Debuxos sobre as lecturas. - Elaboración dun tríptico para enviar ás casas sobre as normas. - Elaboración dun tríptico con viñetas alusivas para os nenos do 1º Ciclo. - Slogans.
RECURSOS: Aula, Biblioteca, persoal docente, Dep. Orientación, Equipo Directivo.
AXENTES: Alumnos de 1º, 2º e 3º ciclo, profesorado, equipo directivo.
METODOLOXÍA: Activa, participativa e integradora.
TEMPORALIZACIÓN: Información ao comezo do curso e revisión trimestral.

OBXECTIVO: Respetar ás persoas, instalación e material propios, dos compañeiros e comúns.
ACTIVIDADES: <ul style="list-style-type: none"> - Elaborar un inventario de material de clase a comezo do curso. - Marcar o material de uso propio co nome e apelidos ou nº de lista.
RECURSOS: Material de aula, Biblioteca, ximnasio, aula de Música.
AXENTES: Alumnos, profesorado.
METODOLOXÍA: Activa, participativa, integradora e improvisada en momentos

puntuais.

TEMPORALIZACIÓN: A comezo do curso e nos momentos puntuais que o titor estime convinte.

OBXECTIVO: Valorar e participar nas actividades que se propoñan na aula e no colexio.

ACTIVIDADES:

- Charlas asertivas valorando positivamente a participación nas actividades.
- Aportación e selección de ideas para melloralas.
- Elaboración de carteis informativos sobre as datas e bases de participación.

RECURSOS: Material de aula e propio, Biblioteca, ximnasio,

AXENTES: Alumnado, profesorado, persoal non docente.

METODOLOXÍA: Activa, participativa e integradora.

TEMPORALIZACIÓN: Ao longo do curso e nas datas conmemorativas.

OBXECTIVO: Situarse dun xeito significativo e o máis autónomo posible no medio.

ACTIVIDADES:

- Coloquio semanal contando as propias anécdotas ou vivencias.
- Elaboración comunitaria dunha obriña de teatro sobre algún tema puntual que xurda na aula e cos personaxes dados polo titor ou ben inventados segundo considere (reais ou fantásticos).
- Nomear encargados de diferentes actividades na aula, rotando as tarefas ao longo do curso.
- Escoller delegado e subdelegado trimestralmente, facendo votacións con urna e con mesa electoral, levantando acta.

RECURSOS: Material de aula e propio, Biblioteca, ximnasio, ...

AXENTES: Alumnado, titores e profesorado.

METODOLOXÍA: Activa, participativa e integradora.

TEMPORALIZACIÓN: Ao longo do curso.

OBXECTIVO: Manter o idioma e a cultura de orixe como elementos que cimenten e enriquezan a personalidade do alumno.

ACTIVIDADES:

- Facer un mapamundi para colorear e sinalar as distintas culturas da propia aula.
- Aprender cancións, ditos, poemas,.. das distintas culturas da propia aula.
- Colorear a bandeira de cada país.

RECURSOS: Material da aula, e propio, Biblioteca, ximnasio, aula de Música.

AXENTES: Alumnado, titores, profesorado.

METODOLOXÍA: Activa, participativa integradora.

TEMPORALIZACIÓN: Ao longo do curso

OBXECTIVO: Estar aberto aos cambios e adecuarse á diversidade de intereses, aptitudes, necesidades e experiencias dos compañeiros.

ACTIVIDADES:

- Facer coloquios sobre temas de actualidade (a instancias dos educadores ou outros temas que poidan surxir na rúa, no Centro, etc.).
- Revisar as normas de clase por se fora preciso cambealas.
- Facer comentarios sobre películas propostas polo profesor.
- Traer anuncios, artigos, pensamentos ou propostas ao taboleiro da clase.

RECURSOS: Material de aula e propio, Biblioteca, Ximnasio, aula de Informática e de Música.

OUTRAS ACTIVIDADES:**- Na ESO:**

- * Actividades de convivencia nas titorías presenciais.
- * Selección de lecturas de educación en valores.

- A nivel de centro:

- * Revisión do protocolo de rexistro das faltas e normas do centro.
- * Deseño de instrumentos para o seguimento de comportamentos disruptivos e para o control da realización das tarefas escolares na aula e na casa.
- * Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar.
- * Revisión dos documentos de traballo do portal educonvives.gal.

- A nivel familia, convocatoria de encontros cos pais e nais para lograr a formación e a súa colaboración no:

- * seguimento da realización das tarefas escolares
- * na modificación de condutas disruptivas.
- * educación en valores
- * educación sexual

5.2. ACTUACIÓNS DENDE A DIRECCIÓN DO CENTRO

- Favorecer a convivencia en todo o centro e garantir que se cumpra a normativa vixente recollida nos documentos do centro relativos a temas de dereitos e deberes da comunidade educativa.
- Convocar as reunións do observatorio de convivencia e presidir as mesmas.
- Impoñer as sancións que correspondas segundo a normativa vixente.
- Someter á consulta do Claustro e Consello Escolar a implantación de medidas para a mellora da convivencia.

5.3. ACTUACIÓNS DA XEFATURA DE ESTUDOS

- Asignación de espazos e tempos prevendo as situacións de conflito.
- Asignación das gardas do profesorado tendo en conta as situacións de conflito que poidan presentarse.
- Intervención co alumnado afectado por problemas de convivencia e entrevistas coas familias dos mesmos.
- Establecer acordos cos alumnos/as en temas de convivencia a través das reunións cos representantes dos mesmos.
- Aplicar as correccións correspondentes segundo a normativa vixente.

5.4. ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Propor actividades para as titorías grupais que favorezan o clima de convivencia e pautas de desenvolvemento persoal axeitado, proporcionando recursos e apoios necesarios para realizalas.
- Colaborar cos titores na prevención, detección e valoración dos problemas de conduta.
- Realizar avaliación psicopedagóxica dos alumnos con problemas graves de convivencia.
- Realizar entrevistas coas familias de alumnado afectado por problema de conduta ou en risco.
- Actuar na prevención, detección e intervención ante o acoso escolar.

5.5. COORDINACIÓN COS SERVIZOS EXTERNOS

As características do alumnado da zona fan necesaria a coordinación cunha serie de institucións para mellorar a convivencia no CPI.

Empregar os recursos da zona e localidade para a realización de actividades preventivas en materia de convivencia tanto o nivel grupal como individual, resulta necesario para a prevención e intervención nos conflitos.

Destacamos a coordinación coas institucións seguintes:

- Servizos Sociais Municipais do Concello.
- Centros de Saúde. ASPANEPS.
- Equipo Específico de Orientación, Centros de Recursos de zona.
- Fundación Secretariado Xitano de Narón.
- Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros.

6. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Toda persoa relacionada co Centro ten dereito a ser respectada e atendida, sen ser discriminada por razón de nacemento, raza, sexo, crenza ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Toda persoa ten dereito a ser escoitada, a poder participar dos órganos de decisión seguindo os sistemas de representación establecidos.. Tamén ten dereito a facer o seu traballo nas mellores condicións posibles e cos medios necesarios.

Todos temos dereito á liberdade de expresión, sen prexuízo dos dereitos doutros membros da comunidade educativa e co respecto que merece a institución educativa.

En consecuencia:

Todos debemos respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade dos demais.

Todos debemos **coidar e utilizar debidamente** os bens inmoables e as instalacións do centro, e respectar as pertenzas da Comunidade Educativa.

Todos debemos cumprir con puntualidade os horarios particulares e colectivos aprobados para o normal desenvolvemento das actividades del Centro.

6.1. NORMAS DE CONVIVENCIA

Co fin de respectar os dereitos e facer cumprir os deberes de todos os membros da comunidade educativa o centro ten elaborado a Normativa de Organización e Funcionamento (NOF).

No NOF aparecen a principios normas de convivencia do centro, as medidas organizativas que faciliten o seu cumprimento e as correccións correspondentes no caso de actuar en contra de ditas normas.

As normas de funcionamento dun grupo son máis eficaces se son presentadas de xeito participativo e elaboradas por todos os membros.

6.2. PROCEDEMENTOS DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Na aparición de conflitos temos que contar tanto cunha serie de estratexias de intervención adecuadas, como unhas pautas de actuación en cada unha das situacións que aparezan.

O alumnos deberán percibir que as normas de convivencia non lles son alleas, senón que emanan da reflexión e consenso da propia comunidade educativa. Nelas recolleranse as correccións e consecuencias das condutas contrarias ás mesmas, procurando que ningún alumno sexa privado do seu dereito á educación e respectando os dereitos de todos os membros da comunidade educativa. Ademais deberase ter en conta a idade e circunstancias persoais, familiares e sociais do alumno antes de resolver o procedemento corrector.

As normas de centro agrúpanse en dous bloques:

- Unha serie de normas mínimas, de obrigado cumprimento co que se pretenden unificar criterios e actuacións por parte do profesorado (Normas de Convivencia).
- Un conxunto de normas de funcionamento de clase ou aula.

Actitudes básicas de prevención dos conflitos:

- Profundizar no coñecemento dos nosos alumnos: Ficha titoría, entrevista co alumno, entrevista cos pais.
- Importancia básica das primeiras semanas de curso para sentar as bases das normas que van a rexer a clase, das expectativas que temos sobre o seu traballo e as demandas que se lles van a exixir (crear un “clima para aprender”).
- Dedicar tempo a reflexionar con eles unhas normas básicas de comportamento, claras e concisas.
- A conduta do profesor ten que ser consistente e predicible. É moi importante ser sistemático, sobre todo ao principio de curso.

Pautas de actuación ante unha disrupción:

- Ignorar, dentro do posible os comportamentos pouco problemáticos (extinción) para non interromper o ritmo da clase.
- As reprimendas en privado, en moitos casos son moito máis poderosas que as chamadas de atención en público (“sentido positivo”).
- Centrarse no líder para modificar as condutas problemáticas dun grupo.
- Utilizar modelos que os alumnos respecten: ser concretos, curtos e directos; centrarse no comportamento a modificar sen entrar en consideracións persoais; intentar non referirse a incidentes anteriores nin facer comparacións; reprender con firmeza e tranquilidade.
- Evitar no posible o castigo colectivo dunha clase ou grupo.
- Intentar enganchar ao alumno disruptivo con tarefas do seu agrado.

Medidas correctoras no caso de producirse unha conduta disruptiva

Entre outras posibles propoñemos as seguintes:

1. Advertencia razoada do profesor/a oral en público.
2. Advertencia razoada do profesor/a oral en privado.
3. A expulsión co profesor/a de garda.
4. Unha hora ou dúas no horario de tarde para recuperar o tempo perdido.
5. Unha chamada telefónica aos pais [por parte do profesor/a ou titor/a].

6.3. ACTUACIÓNS ANTE A VIOLENCIA ESCOLAR

Ante este tipo de actuacións a prevención é imprescindible, pero non suficiente xa que os alumnos/as poden verse afectados como vítimas ou agresores en problemas serios de violencia interpersoal entre iguais, en fenómenos de acoso, intimidación, exclusión social, maltrato físico ou verbal.

A Xunta de Galicia ten elaborados unha serie de protocolos ante situacións de maltrato ou acoso escolar no seu portal de Convivencia que serán utilizados cando a situación así o aconselle.

No Plan de Convivencia do Centro recóllese un protocolo de actuación en situacións de acoso escolar.

7. FORMACIÓN SOBRE TEMAS DE CONVIVENCIA ESCOLAR

- Promoverase a difusión de disposicións e normativa relativa á convivencia escolar.
- Realizarase á acollida do novo profesorado proporcionando toda a información relevante do centro en temas de convivencia escolar
- Promoveranse grupos de traballo para determinados ámbitos da convivencia e se difundirán conclusións e propostas.
- De xeito prioritario deberán realizarse accións formativas encamiñadas á mellora da convivencia no centro, entre elas:
 - * Aula de convivencia
 - * Mediación escolar
 - * Formación de delegados de grupo
 - * Formación dos pais e nais. Escola de Pais e Nais.

8. MECANISMOS DE DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

A difusión do presente Plan seguirá os mecanismos e actividades previstas no apartado de Procedementos de actuación e considera como mecanismos de difusión os previstos para a elaboración e aprobación do presente plan:

- A presentación do documento ó Claustro de profesores.
 - A Aprobación do mesmo polo Consello Escolar.
- A Comisión de Convivencia fará unha avaliación trimestral e final.

1. Introducción
2. Organización dos medios tecnolóxicos do centro
3. O espazo web do centro
4. Programa Edixgal
5. Formación do profesorado
6. Atención á diversidade
7. Guía para as contribucións dos departamentos e equipos

Mentor de Apoio Dixital (ADIX): Alfonso José Dopico Caneiro
Coordinación TIC: Ángel Carrera Pérez

1. Introducción

As TIC son xa unha parte fundamental da nosa sociedade e da nosa educación, e a súa evolución é moi rápida.

Aínda que o entorno social do noso centro non é dun alto nivel económico, a gran maioría do noso alumnado ten acceso a equipos informáticos conectados a Internet, e a partir dos once ou doce anos a teléfonos móbiles persoais. Pero todo isto non quere dicir que a súa competencia neste campo sexa boa en xeral.

Antes de que a nova lexislación educativa esixise a todos os centros a elaboración dun Plan de Integración das TIC, o CPI do Feal xa fixera un gran esforzo para ampliar e aproveitar o mellor posible a súa importante dotación de medios tecnolóxicos, e sempre continuou nesta liña, co obxectivo de mellorar tanto a competencia dixital do noso alumnado como todas as demais que se poidan beneficiar deste tipo de medios.

A continuación, faise un resumo da **situación actual do centro** desde o punto de vista tecnolóxico:

Internet

– En 2007, conseguíuse que houbera acceso á rede local e Internet por cable en todos os espazos do centro, incluíndo as aulas de Freixeiro (posteriormente engadíronse tomas adicionais en diversos espazos). Todos os edificios situados no Feal teñen tamén acceso sen fíos: nalgúns zonas mediante a rede SIEGA inicial, e en todos os corredores con aulas mediante as redes *Edixgal / Profesorado* (ampliadas en 2021).

– A velocidade de conexión a Internet mellorou notablemente a finais de 2017 (grazas a un radioenlace), superando os 100 Mbps nos equipos que o permitían (todos os conmutadores da nosa rede local xa chegan a 1 Gbps). Houbo un novo salto a comezos de 2022, cando foi activada por fin unha conexión por fibra óptica, que xa permite chegar a 600 Mbps de baixada.

Ordenadores, tablets, proxectores e PDI

– Nestes momentos, quedan 224 vellos portátiles do Programa Abalar (para alumnado e profesorado). Ademais, desde 5º de Primaria ata 4º de ESO todo o alumnado e todo o profesorado conta cos portátiles do Programa Edixgal. Por último, hai 98 ordenadores adicionais (entre fixos e portátiles), e dúas tablets.

– O Sistema Operativo utilizado nos programas Abalar e Edixgal é *Debian*. O portátil Apple da aula de Plástica loxicamente utiliza *macOS*. Todos os adicionais teñen *Windows* (en xeral W10, aínda que quedan algúns equipos con W7). A única aula de informática que queda operativa (na 2ª planta) tamén ten a posibilidade de traballar con *Debian*.

– Todas as nosas aulas teñen un proxector (salvo Pedagogía Terapéutica da ESO) e como mínimo un ordenador.

– Os seguintes espazos contan con PDI:

- Aulas de Infantil
- Aulas de 1º e 2º de Primaria.
- Aulas Edixgal (salvo, de momento, 3º A e 3º B de ESO)

– Aínda que contamos con carros Edixgal nas aulas deste Programa (algúns novos), non os consideramos prácticos.

– Na planta baixa, permanecen almacenados os equipos da aula de informática que se desmontara na 1ª planta (para gañar espazo), e aínda poderían ser aproveitados no futuro.

– Ademais dos tres ordenadores da sala de profesores, repartíronse portátiles adicionais entre os departamentos.

– Dado que a curto prazo non está previsto reactivar a aula de Infantil de Freixeiro, decidiuse trasladar parte do seu equipamento tecnolóxico ao edificio principal (ordenador, proxector e PDI).

Impresoras, fotocopiadoras e escáneres

– Nestes momentos temos 26 máquinas con capacidade de impresión, sendo seis delas fotocopiadoras.

– Ademais das diversas máquinas multifunción existentes, hai dous escáneres independentes.

Espazos con equipo de son fixo

- Aulas de Música e Inglés en Primaria
- Aula de Música e Biblioteca en Secundaria

Armarios con televisor e reprodutores/gravadores

- Infantil - Freixeiro
- Laboratorio

Cámaras

- Fotografía: Freixeiro, Primaria (3) e Secundaria (2)
- Vídeo: de cintas de 8 mm, de cintas *MiniDV* e de memoria *flash*
- Lupa electrónica: conectada ao proxector do laboratorio

Robots

– O departamento de Tecnoloxía dispón dun robot *LEGO* adquirido co seu presuposto, e seis *mBot* enviados pola Consellería de Educación. O software correspondente está instalado no portátil do taller, e tamén na aula de informática.

– Para o alumnado de Infantil e Primaria, dispoñemos doutros doce *mBot* enviados pola Consellería de Educación, e seis adicionais adquiridos polo noso centro. Neste caso, aproveitase o software dos equipos Edixgal, e o de doce tablets adquiridas cunha subvención da Xunta ao ser centro STEM.

2. Organización dos medios tecnolóxicos do centro

Trataranse de materializar os seguintes obxectivos:

– Distribución racional dos equipos. Para facilitar o mantemento, agrúpanse os ordenadores da mesma xeración. Os máis recentes ocuparan preferentemente as aulas específicas baixo chave (informática, idiomas, plástica, música...). Os portátiles, en principio, deberán ser utilizados só dentro do centro.

– Arquivo e clasificación dos soportes dixitais. Ademais do material audiovisual propio das bibliotecas ou dos departamentos e equipos, deberá facerse un esforzo por reunir na secretaría todos os discos ou memorias dixitais do centro que sexan de interese xeral, reciclando o redundante ou obsoleto, e clasificando o verdadeiramente útil en arquivadores. Para maior comodidade e seguridade, farase unha copia do material máis importante nalgún dispositivo de almacenamento externo con gran capacidade.

– Arquivo e clasificación dos manuais. Unha labor similar á descrita para a organización dos soportes dixitais é necesaria coa documentación impresa dos equipos do centro: centralizando, purgando e clasificando todo o material.

– Arquivo e clasificación dos compoñentes de hardware libres. Tamén é necesario reunir e clasificar tarxetas, cables, ratos, teclados e outros tipos de compoñentes que poidan sobrar, para a súa rápida localización.

– Rexistro organizado dos enderezos IP e o cableado de rede dos equipos do centro. As táboas actuais da rede do CPI do Feal seguen as pautas da Consellería de Educación, e tamén están arquivadas na secretaría.

- Rexistro da utilización da aulas de informática. Todas as reservas permanentes deberán figurar nos cadros quincenais da sala de profesores, quedando o resto das sesións dispoñibles para usos puntuais, pero sempre co correspondente rexistro nos cadros para permitir un seguimento das incidencias.
- Rexistro das incidencias nos equipos. A aulas de informática disporá dun libro de incidencias, e haberá outro para os equipos das demais aulas na sala do profesorado.
- Fomento de condutas ecolóxicas no uso das impresoras e fotocopiadoras. Os actuais recursos dixitais deberían reducir o uso do papel e a tinta, pero hai medidas adicionais que se poden tomar para protexer o medio ambiente. En primeiro lugar, é necesario potenciar o uso das máquinas de impresión con maior capacidade e das que permiten imprimir automaticamente a dobre cara. Así mesmo, tratarase de que cada impresora sexa compartida polo máximo número de ordenadores posible. O papel e os depósitos de tinta deberán ter os seus correspondentes contedores de reciclaxe na entrada do centro.
- Fomento do software libre. A aula de informática ten a posibilidade de traballar no entorno *Linux* (e nas Edixgal é obrigado), pero ademais, tratarase de que sempre que se utilice *Windows* exista a posibilidade de traballar con aplicacións libres como *Firefox*, *LibreOffice*, *GIMP*...
- Establecemento de medidas de seguridade. Ademais da instalación de antivirus, en certos equipos tamén poderá realizarse unha limitación dos permisos, ou ben unha conxelación da partición que conteña o software, deixando outra partición desconxelada para datos (deste xeito, cando se apague calquera destes equipos, será restaurada completamente a partición protexida).

3. O espazo web do centro

A páxina web principal do centro utiliza o xestor de contidos *Drupal*, e na actualidade contén os seguintes bloques:

- *O centro*, con mapas da súa localización e as rutas do transporte escolar, e información sobre a súa historia, as ensinanzas impartidas, a organización interna e as instalacións.
- *Departamentos e equipos*, onde cada un dos grupos establecidos entre o profesorado pode dar información específica ao alumnado co que traballa.
- *Profesorado, alumnado e familias*, cun taboleiro informativo para cada sector da comunidade, ademais de apartados con información sobre a lexislación educativa.
- *Biblioteca*, cos catálogos das dúas seccións (Infantil e Primaria / Secundaria) e outras informacións sobre a súa organización e as actividades que se realizan. Ademais, o bloque da biblioteca contén un apartado dedicado á revista escolar, coas versións dixitais de “A Tribo”, desde o seu nacemento en 2004.
- *O Feal nos medios*, con informacións sobre o centro publicadas na prensa, en televisión ou en Internet.

– *Cultura*, con informacións e opinións culturais non necesariamente relacionadas directamente co centro.

Ademais, desde a páxina principal hai acceso a outras dúas aplicacións aloxadas no noso espazo web:

- A *Galería do Feal* (co sistema *Coppermine*) dedicada especificamente a archivar as imaxes do centro dun xeito organizado. Acolle sobre todo fotografías, pero tamén debuxos e vídeos (aínda que tamén temos un canal de *YouTube*).
- A *Aula Virtual do Feal* (co sistema *Moodle*), cunha función máis didáctica que informativa, posto que nela o profesorado pode organizar cursos a través de Internet cubrindo todos os aspectos dos cursos tradicionais: apuntes, actividades, avaliación...

– Desde o espazo web do centro, tamén hai acceso a sistemas externos que poden ser utilizados polos membros da comunidade educativa: a *Aula Virtual de Edixgal* (entre 5º de Primaria e 4º de ESO), *Meiga* para os catálogos das dúas bibliotecas, *XADE* para a xestión administrativa, e *Abalar Móbil* para a comunicación coas familias.

– O espazo web tamén permite facer unha busca entre os seus contidos, e contactar cos seus responsables.

Obxectivos para o espazo web

– Asegurar a súa continuidade, tratando de que o coordinador/a teña un equipo que coñeza os principais recursos dos diferentes sistemas do espazo, e onde se reparta o traballo, pero sempre mantendo unha coherencia na presentación das distintas páxinas.

– Estimular a participación de todos os sectores da comunidade educativa, xa sexa creando artigos ou simplemente aportando material gráfico.

– Estimular a utilización das aulas virtuais, tanto para a formación do alumnado como para a do profesorado, tendo en conta que nestes momentos, a totalidade de ambos colectivos ten acceso á plataforma que lle corresponde.

– Respetar a privacidade de todos os membros da comunidade educativa, obtendo as autorizacións escritas dos titores legais do alumnado para publicar as súas imaxes, e en xeral, actuando con prudencia á hora de publicar calquera tipo de material.

4. Programa Edixgal

No presente curso, hai tres aulas Edixgal en cada un dos niveis, desde 5º de Primaria ata 4º de ESO.

5. Formación do profesorado

Nestes momentos, a lexislación educativa chama a atención sobre as competencias básicas que debe acadar o alumnado no ensino obrigatorio, entre as que está a “*Competencia dixital*”, pero esta competencia ten que comezar polo profesorado.

As necesidades formativas do profesorado son moi heteroxéneas en contidos e niveis, pero as cuestións tecnolóxicas con máis demanda de formación nestes momentos son as seguintes:

- Informática básica
- Presentacións audiovisuais: proxectores, encerados dixitais interactivos, equipos de son
- Procesamento de imaxes e sons dixitais
- Software didáctico
- Recursos educativos en Internet
- Programación e robótica
- Seguridade informática

En realidade, toda a formación tecnolóxica está en Internet, con linguaxes adaptadas a tódolos niveis de coñecemento, polo que a autoformación é algo que hai que potenciar entre o profesorado, coa debida orientación.

En segundo lugar, é necesario manter informado ao profesorado de tódalas propostas formativas dos CFR máis próximos neste campo. Como alternativa aos cursiños, intentarase potenciar as actividades de formación realizadas no noso centro, con obxectivos máis concretos e profesorado máis homoxéneo. Existen distintas modalidades oficiais para estas actividades (proxectos de formación, grupos de traballo ou seminarios permanentes), pero tampouco hai que descartar a creación de actividades sen recoñecemento oficial para acadar obxectivos moi concretos nun breve espazo de tempo.

6. Atención á diversidade

O centro atende á diversidade de alumnado. Nenos e nenas con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais, con trastornos de conduta, en situacións sociais ou culturais desfavorecidas, ou procedentes de contextos socioculturais e lingüísticos diferentes. Este alumnado é atendido especialmente polo profesorado de PT e AL, aínda que loxicamente todo o Claustro está implicado.

Para facilitar a atención a este alumnado nas aulas específicas con esta función, contamos cos seguintes medios tecnolóxicos:

- Aula de PT para Infantil e Primaria: ordenador, PDI e impresora
- Despacho adicional de PT para Infantil e Primaria: ordenador
- Despacho de AL para Infantil e Primaria: ordenador e impresora
- Aula de PT para Secundaria: un ordenador fixo conectado a unha fotocopiadora, e tres portátiles adicionais para o alumnado
- Equipos informáticos con conexión a Internet para o alumnado que o necesite

7. Guía para as contribucións dos departamentos e equipos

Co fin de orientar aos distintos departamentos e equipos do noso centro, e tamén buscando unha certa uniformidade na elaboración do plan TIC, a continuación preséntase unha lista cos puntos que se poderían tratar nas programacións docentes en relación coas TIC, e que pasarían a formar parte do Plan de Integración das TIC do noso centro:

Recursos informáticos

- Frecuencia da súa utilización nas sesións lectivas.
- Equipos do centro empregados (aulas de informática, outras aulas, portátiles...).
- Software empregado polo alumnado (educativo, ofimático...). É interesante que se indique se este software é libre.
- Proxección de presentacións dixitais (*PowerPoint, Impress...*) ou material interactivo para encerados dixitais. Tamén é interesante indicar se estes recursos están elaborados polo propio profesorado, polas editoriais dos libros de texto ou por outros autores/as.
- Recursos de Internet (busca de información, material interactivo, correo electrónico...).
- Utilización do espazo web do Feal (as páxinas con artigos informativos, os cursos das aulas virtuais, a Galería de imaxes e os catálogos das Bibliotecas):
- Participación na elaboración da revista escolar “*A Tribo*”.

Recursos audiovisuais

- Frecuencia da súa utilización nas sesións lectivas.
- Proxección de documentais ou películas.
- Gravacións de son ou imaxes cos medios do centro.

CONTRIBUCIÓNS AO PLAN TIC DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS E/OU NIVEIS.

– 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

(Artigo 34. Título 3º. Decreto 155/2022):

Artigo 34.2. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Dende as aulas de 1º de Educación Primaria, tentaremos, na medida do posible contribuír ó uso axeitado das tecnoloxías nesta nova era dixital.

Promoveremos o seu uso na casa solicitando axuda para diferentes actividades da aula de busca de información para os proxectos que se levarán a cabo.

- 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

Artigo 19. 1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Dende as aulas de 2º de Educación Primaria, tentaremos, na medida do posible contribuír ó uso axeitado das tecnoloxías nesta nova era dixital.

Promoveremos o seu uso na casa solicitando axuda para diferentes actividades da aula de búsqueda de información para os proxectos que se levarán a cabo.

- 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

O uso das TIC queda suficientemente xustificado pola súa prescrición en todas as disposicións legais, senón por consideralas como elemento imprescindible nos tempos en que vivimos. Empregaremos as TIC como fonte de información para obter recursos, pero tamén como contido tecnolóxico en si mesmo. Fomentaremos un uso crítico e seguro das tecnoloxías, potenciando a creatividade e o seu uso como recurso inestimable no noso desenvolvemento como persoas que viven na era tecnolóxica.

- EDUCACIÓN FÍSICA (EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA)

Dentro das Unidades Didácticas que concretan esta programación inclúense as seguintes accións para o desenvolvemento do plan de integración das TICs:

- Realizar diferentes actividades na Pizarra Dixital: actividades de lateralidade, e percepción espazo temporal.
- Desenvolver no 3º ciclo a Unidade Didáctica multimedia, Os Xogos Olímpicos, elaborada o curso 2009-2010 polo mestre que imparte no ciclo, durante unha licenza por estudos.
- Actividades da rede Ludos así como da páxina de contidos educativos da Xunta de Galicia.
- Búsqueda de información sobre diferentes contidos da Educación Física.

- MÚSICA (EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA)

Regulado polo D.130/2007. Contribuiremos a fomentar o uso educativo das novas tecnoloxías tanto no centro como nas aulas, incorporándose como un recurso máis no proceso educativo, sendo unha ferramenta fundamental para que o alumnado comprenda o mundo que lles rodea e os seus cambios, familiarizándose con el e accedendo ao mesmo de maneira responsable e madura. Primaremos a iniciación na actividade e pensamento científico e o desenvolvemento de estratexias tales como utilizar os materiais e os espazos de forma adecuada, obter información a través da observación, comprensión, aceptación e respecto das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais. Daremos continuidade ás aprendizaxes dixitais, incorporando estas ás tarefas de área.

- INGLÉS (EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA)

Dende o departamento de inglés, promoverase o uso das TIC tanto na etapa de infantil como de primaria ao utilizar, como recurso didáctico dentro da nosa metodoloxía, os Ipack interactivos e a aula virtual.

Os cursos de 5º e 6º de Educación Primaria, continuarás co programa Edixgal, polo que todas as sesións incluírán actividades relacionadas coas TIC.

- DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL.

O uso das TIC na aula e algo inherente en moitos aspectos da materia dende a nova nomenclatura Educación Plástica Visual e Audiovisual, onde fai especial fincapé no uso das tecnoloxías, especialmente no tratamento da imaxe como se contempla no Bloque 3, contorno audiovisual e multimedia para todos os niveis da ESO.

A nivel docente o uso do ordenador na aula de plástica conectado a un proxector é de gran axuda no desenvolvemento dos contidos. Case todas as presentacións teóricas fanse mediante presentacións coas ferramentas da plataforma Moodle, para ser presentadas na Aula Virtual. Este material é feito polo profesorado na parte dos contidos por adecuarse mellor ao alumnado e as propias esixencias.

A nivel do alumnado, o uso de Edixgal facilita ao alumnado un dispositivo propio polo que as TICs están presentes de modo continuado.

En 3º da ESO, hai unidades nas que sempre se busca a información nas galerías de imaxes do CNICE ou outras, como na unidade da lectura das imaxes. Na unidade referente ao entorno multimedia teñen que realizar un programa multimedia, consistente nunha presentación con diapositivas onde se integren audio, imaxe fixa, vídeo, texto e hipertexto, utilizando o programa Impress. Tamén no tema da imaxe secuenciada traballan con fotografía dixital e a posterior montaxe na realización dun stopmotion.

En 4º da ESO, e tamén dentro do bloque 3, usan as TIC na unidade específica do entorno audiovisual, onde teñen que gravar e editar un traballo audiovisual, usando o editor de vídeo Adobe Premier, ou por defecto, o que proporcione o entorno Edixgal.

No tema da imaxe publicitaria traballan con programas coma o GIMP. Para facer traballos teóricos e presentalos posteriormente usan o Impress. Para a edición de audio usan Audacity.

No bloque adicado ao debuxo técnico, usan os recursos educativos na rede, especialmente os contidos educativos do portal da Xunta e os seus enlaces.

Se verá potenciado a complementariedade das clases presenciais co entorno de Moodle e a Aula Virtual para a elaboración de tarefas e vehículo de información entre ambas partes, alumnado e profesorado.

- DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.

Durante este curso académico, 2022-23, o noso centro traballará con EDIXGAL de 1º a 4º de ESO. Todas as aulas da ESO están equipadas con taboleiro dixital e ordenadores para os alumnos e para o profesor a fin de convertelos en instrumento habitual para a práctica docente. Así pois, nestes grupos haberá moito achegamento ás TICS no traballo diario da aulas.

O Departamento traballará a partir de agora con métodos que teñen versión dixitalizada. De momento só imos empregar a versión dixital do libro de texto para o profesor e os alumnos, pero utilizaremos o caderno de actividades en papel, pensando en que pode servir de apoio se hai algunha problema coa rede que nos dificulte o normal desenrolo da clase. O feito de empregar un método dixitalizado supón a vantaxe de ter nun mesmo soporte todos os elementos de método e de navegar facilmente dun ao outro.

RECURSOS AUDIOVISUAIS:

Todas as aulas nas que se imparten clases están dotadas de ordenador pantalla e proxector que se empregan a diario para o uso do libro dixital e tamén con motivo da proxección de películas, vídeos ou documentais en francés.

- DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

A utilización dos recursos informáticos e audiovisuais vén sendo incrementada nos últimos anos na nosa tarefa diaria e tamén nas nosas clases, complementando o uso dos recursos máis tradicionais –non menos importantes - a saber: o encerado clásico, os paneis e mapas, os libros, cadernos, etc.

Resulta especialmente interesante a inclusión dos novos medios cada vez máis accesibles, coa intención de potenciar o interese e motivación do noso alumnado e tamén co obxectivo de formalos cara ao mundo laboral actual.

1. Recursos informáticos

Utilizaremos fundamentalmente ferramentas de software de uso común como procesadores de texto e buscadores de información fundamentalmente. Tamén os achegaremos ás presentacións dixitais (con PowerPoint ou LibreOffice) ou material interactivo para o encerado dixital (Smart Board). Utilizaremos material de elaboración propia, buscado na rede, ou elaborado polos propios alumnos e alumnas.

Tamén empregaremos algúns recursos de Internet como material interactivo (por exemplo o que recomenda no portal educativo a propia Xunta) ou os servidores de correo electrónico.

Fomentaremos e axudaremos ao alumnado dos diferentes niveis da ESO na elaboración e tratamento do material que se incluirá no número correspondente da revista *A Tribo*.

2. Recursos audiovisuais

Incluiremos tamén nas nosas clases nos diferentes niveis, a utilización de diversos recursos audiovisuais que complementen o traballo na aula . Fundamentalmente buscaremos completar os contidos literarios con materiais do centro ou do departamento (CDs e DVDs fundamentalmente), con filmes, documentais ou músicas que teñan relación cos contidos abordados durante o curso.

A frecuencia no seu uso pode ser moi variable, pero podemos facer un uso aproximadamente quincenal deste tipo de recursos con cada grupo.

- **DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS**

Para fomentar o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o Departamento ten previsto usar de forma interactiva os seguintes medios:

- Encerado dixital.
- Libro dixital.
- Vídeos, plataformas de streaming.
- Internet.
- Actividades interactivas.
- Ordenadores do proxecto ABALAR.
- Aula virtual.

- **DEPARTAMENTO LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.**

Estamos asistindo a unha nova era, onde o traballo e coñecemento das novas tecnoloxías é imprescindible. Na actualidade a introdución e xeneralización do uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación tanto na redonda social do alumnado como, especificamente, no ámbito escolar fan desa nova realidade un elemento esencial na súa formación.

O coñecemento dos sistemas e modo de operar das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e do seu uso debe capacitar o alumnado para unha axeitada xestión da información, atendendo a distintas finalidades.

Dende o curso pasado todo o alumnado da ESO traballa con aula virtual (Moodle / e-dixgal), así desenvolvemos a tarefa educativa a través de ferramentas que achegan as TIC: o libro dixital, presentacións audiovisuais, vídeos, e investigación a través da Internet son clave na tarefa de ensino-aprendizaxe da nosa materia, sen desterrar as ferramentas tradicionais.

- **DEPARTAMENTO DE INGLÉS**

Obxectivos:

Favorecer a aprendizaxe da lingua estranxeira.
Adquirir habilidades tecnolóxicas e comunicativas.
Facilitar o acceso á información en soporte dixital.
Investigar e contrastar información.
Facer un uso axeitado de Internet e das redes sociais.
Uso de redes sociais, correo electrónico, mensaxes, etc.
Crear documentos en formato dixital.
Descargar e compartir recursos.

Recursos:

Conexión a Internet
Sala de informática

Ordenadores, tabletas, portátiles
Lousa dixital
Outros.

Programas / Aplicacións:

Páxinas web
Libro dixital
Procesadores de texto
Blogs
Redes sociais
Outros

Os recursos audiovisuais serán de utilización diaria na aula, xa que consideramos que son imprescindibles, e a súa utilización inherente á esencia da propia asignatura. Para iso contamos con suficientes medios como os ordenadores edixgal do alumnado, ordenadores e canón nas aulas. Utilizaremos libros dixitais en todos os cursos de ESO. Os recursos multimedia mencionados integran por completo o uso das TIC na aula, permitindo ós profesores adaptar as mellores solucións dixitais de acordo ó alumnado ou ó centro no que se desenvolve o ensino.

Ademais da utilización dos libros dixitais, adicaránse varias sesións por trimestre para traballar con outros recursos informáticos e facer actividades de reforzo e repaso de Gramática e Listening. Algúns dos recursos que se utilizarán, aparte daqueles propostos e creados polas profesoras do Departamento, serán:

Os recursos ofertados polas distintas editoriais da plataforma edixgal así como enlaces a páxinas interactivas para práctica de vocabulario, gramática e listening.

No segundo ou terceiro trimestre, segundo a madurez dos alumnos, comenزارase coa utilización educativa dos recursos da Internet. Para iso, se lles propondrá a realización dun traballo axeitado para cada nivel e se iniciarán na técnica de busca de información, manexo de páxinas web en inglés, comprensión do vocabulario específico das páxinas web, webquest, Busca do tesouro, etc.

As profesoras do Departamento procurarán que os alumnos se familiaricen coa lectura e utilización de páxinas web en inglés, especialmente aquelas que poidan ser útiles para a aprendizaxe do idioma como páxinas web de dicionarios on-line, periódicos, revistas, recursos para a aprendizaxe do inglés, etc. Tentarase sempre ofrecer ao alumnado acceso a material relevante e de calidade.

- **DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA**

Empregaremos internet para realizar búsquedas de información sobre os proxectos, contrastando a información e analizando a fonte da que se obtén. A información acadada analizaráse e elaborárase e transmitirase empregando medios dixitais e audiovisuais como pequenas presentacións, videos ou infografías.

- **DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA**

Para fomentar o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o Departamento ten previsto usar de forma interactiva os seguintes medios:

- Encerado dixital.

- Libro dixital.
- Vídeo, plataformas de streaming.
- Internet.
- Actividades interactivas.
- Aula virtual.

- DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Este ano traballarase dun xeito continuo na aula virtual do centro e na aula de informática coma exemplo de busca de información para a elaboración dos proxectos. Asemade, incluírase o traballo con material dixital. Este material empregarase nas clases maxistras así coma a práctica musical coa fruta. O material será o cedido polas diversas editoriais coma mostra e un material adquirido sobre a música étnica. Ademais traballarase con páxinas webs virtuais e interactivas os contidos máis prácticos. Por outro lado empregarase a aula virtual nos cursos 2º e 4º.

- DEPARTAMENTO DE LATÍN

O currículo para a materia de cultura clásica e latín incorpora contidos de competencia dixital, que xustifican plenamente o uso das TIC. Nos traballos requírese dunha serie de programas informáticos (procesadores de texto) e Internet como ferramenta de busca de información.

O soporte dos recursos empregados pode ser papel ou páxinas web.

A través da páxina web do departamento ofrecerase ao alumnado recursos dispoñibles en internet.

- www.culturaclasica.com. Esta páxina dispón dun grande número de enlaces con outras páxinas e entre outras cousas, información sobre a lingua e a literatura, mitoloxía, cine, texto, etc.
- Hai tamén unha dirección moi interesante www.iliada.net que nos presenta recursos para coñecer o mundo clásico, dende receitas de cociña, exercicios de todo tipo, etc.
- Proxecto Palladium.

Neste curso 2022-2023, as datas de avaliación das etapas de **Educación Infantil e Primaria**, realizaranse, coma todos os anos, quince días antes do día de remate do trimestre, por niveis e diferentes quendas.

En Educación Secundaria, as datas de avaliación establecidas, serán as seguintes:

- Avaliación Inicial.....5 outubro (EP) e 27 outubro (ESO)
- 1ª Avaliación.....14-15 Decembro

- 2ª Avaliación.....22-23 Marzo
- 3ª Avaliación.....7-8 Xuño
- Avaliación Final.....23 Xuño

1. INTRODUCCIÓN

As linguas son un dos elementos básicos que constitúen a identidade dunha comunidade e dun pobo. No noso caso, o Estatuto de Autonomía de Galicia establece que tanto o galego como o castelán son linguas oficiais na nosa comunidade e todos e todas teñen o dereito a coñecer ambas as dúas linguas e a empregarlas. Neste mesmo senso, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais e favorece o cambio de tendencia en canto á consideración social do galego permitindo que se incorpore á Administración, á educación e aos medios de comunicación públicos.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia, é o que regula o uso das linguas na administración educativa e establece que, con carácter xeral, a lingua galega será a empregada nos centros sostidos con fondos públicos e fomentarase o seu uso oral e escrito.

No CPI do Feal trabállase pola dinamización da lingua galega procurando que esta sexa empregada por todo o persoal docente e non docente e polo alumnado. Xa no anterior proxecto lingüístico, elaborado no curso académico 2014-2015, establecéronse medidas a diferentes niveis co obxectivo de mellorar e fomentar o uso do galego. Este proxecto, elaborado por unha comisión formada especialmente para tal fin, pretende ser unha continuación do anterior revisando os puntos xa conseguidos e partindo da situación actual para establecer novas metas.

2. MARCO LEGAL

Este proxecto baséase na lexislación actual tendo como principais referentes legislativos os que se establecen a continuación:

- **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No curso 2015/2016 deixa de estar en vigor o D. 130/2007.
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

3.1. Localización do centro

O CPI do feal sitúase no concello de Narón, lugar cunha poboación total de case 40.000 persoas. Trátase dun municipio mixto, conta con sete parroquias rurais pouco poboadas e un núcleo urbano onde viven sobre 30.000 persoas. Polo tanto, a situación sociolingüística do concello é moi diversa, mentres que nas zonas rurais o galego segue a ser a lingua predominante, o castelán imponse nas zonas máis urbanas.

O centro escolariza a alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria obrigatoria pertencente ao concello de Narón, aínda que hai alumnado matriculado pertencente a concellos da área de Ferrolterra coma Ferrol ou Neda.

O edificio principal sitúase na Rúa Río Seco, pero existen aulas de Educación Infantil noutro edificio na zona de Freixeiro. O centro conta cos servizos de transporte escolar e de comedor escolar, tanto para xantar como en servizo de madrugadores.

O concello de Narón, no que se atopa o centro, emprega o galego en todas as súas comunicacións e é a lingua empregada entre os seus traballadores. Ademais o Servizo de Normalización Lingüística do concello é moi activo e realízanse numerosas accións durante o ano nas que participa o noso centro.

3.2. A situación sociolingüística

A fin de determinar a situación lingüística do centro, a Comisión que elabora este proxecto considerou oportuno recoller información de toda a comunidade educativa para coñecer mellor o punto de partida. Para tal fin elaboráronse unhas enquisas partindo das Guías Prácticas para a Planificación Lingüística nos Centros Educativos que a Secretaría Xeral de Política Lingüística puxo a disposición dos centros.

Análise estatístico das enquisas ás familias

Malia que se entregou un cuestionario a cada alumno/a, ecibíronse un total de 470 enquisas das familias coas respostas. A continuación procédese ao seu análise para determinar a situación sociolingüística do CPI do Feal.

Das persoas que responderon ao cuestionario un 60,4% eran familias con alumnado en primaria, 23,2% con alumnado en secundaria e un 16,4% de infantil.

- **En que lingua aprendeu a falar?**

O 74,3% do alumnado aprendeu a falar en castelán, o 24,3% nas dúas linguas e o 0,5% noutras linguas distintas. Unicamente o 0,8% do alumnado aprendeu a falar en galego.

- **Que lingua se fala habitualmente na vosa casa?**

O 53% das familias falan predominantemente en castelán, o 24,9% das familias asegura falar só castelán, o 18% falan en castelán e galego por igual, o 2,7% fala maioritariamente en galego, o 0,8% fala noutras linguas e unicamente o 0,5% fala só en galego.

- **Que lingua usa o voso fillo/a?**

O 47,8% asegura que o seu fillo/a fala predominantemente en castelán, o 45,4% asegura que fala unicamente en castelán, o 6% castelán e galego por igual, o 0,5% noutras linguas e o 0,3% predomina o galego.

Valore os seguintes enunciados:

- **O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos:** a maioría das familias móstranse indiferentes ante este enunciado, pero o segundo valor máis votado é *Estou completamente de acordo.*

- **As matemáticas pódense aprender en galego:** neste enunciado hai unha grande dispersión das respostas, malia que a maioría das familias están completamente de acordo esta maioría non é ampla.
- **A adquisición de dúas ou máis linguas enriquece:** existe unha abrumadora maioría e as familias están completamente de acordo.
- **Gustaríanos que o noso fillo/a recibise máis clases en galego:** a maioría de votos reflicten unha indiferencia clara por parte das familias, sumando os apartados positivos e os negativos existen máis familias que prefiren que o seu fillo/a non reciba máis clases en galego.
- **En Galicia o galego é pouco útil:** a gran maioría das familias está completamente en desacordo ante esta afirmación.
- **En Galicia debería usarse máis o galego:** a gran maioría das familias está completamente de acordo con esta afirmación.
- **A xente que fala castelán é máis intelixente:** malia que os votos para estar completamente en desacordo son a maioría existen votos nas outras valoracións, chegando a rexistrar 7 votos de familias que están completamente de acordo con este enunciado.

Como se pode observar, situámonos nun contexto castelán falante onde a meirande parte das familias empregan unicamente o castelán, polo que o alumnado no está exposto fora da escola ao galego.

A pesar de ser unha comunidade castelán falante existen poucos prexuízos e escaso rexeitamento ao galego na educación e na vida do alumnado en xeral. Este camiño xa está percorrido, o obxectivo agora céntrase en maximizar as experiencias do alumnado no uso do galego.

Análise estatístico das enquisas ao persoal docente e non docente

O cuestionario foi cuberto polo persoal docente e o non docente do centro.

- **Lingua habitual na que se comunica:** o 60% do persoal comunícase en castelán, un 20% en galego e outro 20% nas dúas por igual.
- **Lingua habitual no centro educativo:** o 55% fala predominantemente en castelán, o 20% en castelán e galego por igual, o 20% predomina o galego e unicamente o 5% fala unicamente en castelán.

Valore os seguintes enunciados:

- **En Galicia debería usarse máis o galego:** unicamente unha persoa amosa a indiferencia mentres que o resto do persoal está bastante de acordo ou completamente de acordo.
- **As matemáticas pódense aprender en galego:** do mesmo xeito, excepto dúas persoas que se amosan indiferentes, o resto do persoal está bastante de acordo ou completamente de acordo.
- **A adquisición de dúas ou máis linguas enriquece:** excepto unha persoa que se amosa indiferente todo o persoal está completamente de acordo.
- **uso do galego establecido na lexislación é excesivo:** a maioría do persoal non está de acordo con esta afirmación, pero hai 4 votos que indican algunha afinidade con este enunciado.
- **ensino do galego axuda a aumentar o seu prestixio social:** malia algúns votos indiferentes a maioría do persoal está bastante de acordo ou completamente de acordo con esta afirmación.

O persoal valora positivamente o galego e o seu uso na educación, sen embargo, a maioría fala castelán no centro. Esta situación é necesario que mude cara un maior uso do galego.

4. OBXECTIVOS

Da análise dos datos recollidos despréndese a conclusión clara de que existen moitos aspectos de mellora. Así, plantéxanse os seguintes obxectivos:

- 1) Empregar e fomentar o uso da lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no centro involucren ou non ao alumnado.
- 2) Continuar empregando o galego en todas as comunicacións do centro así como na documentación do centro.
- 3) Establecer canles de comunicación e de colaboración con entidades galegas para favorecer o emprego da lingua.
- 4) Establecer comunicación cos distintos membros da comunidade educativa para dar a coñecer todos os acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos, celebracións, etc.
- 5) Deseñar e implementar actividades que supoñan desactivar prexuízos e estereotipos que aínda pesan sobre a lingua galega.
- 6) Recompilar e difundir entre os docentes do centro materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e da cultura galega.
- 7) Dar apoio á asociación de nais e pais do centro para que as actividades poidan levarse a cabo empregando a lingua galega.
- 8) Fomentar a asistencia ao centro de escritoras e escritores galegos, contacontos, grupos de música tradicional ou persoas relevantes para a cultura galega e que promovan a lingua galega.
- 9) Deseñar e implementar actividades que axuden a valorar a historia e a cultura galega.
- 10) Continuar dotando ás bibliotecas do centro de materiais informáticos e audiovisuais en galego.
- 11) Organizar actividades para favorecer a expresión oral do alumnado.
- 12) Continuar levando a cabo actividades sobre o patrimonio sociocultural do entorno máis próximo.
- 13) Potenciar a visión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega como órganos de coordinación docente.
- 14) Promocionar as festas tradicionais galegas.
- 15) Fomentar o uso das TIC en galego.
- 16) Deseñar e levar a cabo actividades que impliquen fomentar os valores identitarios e funcionais da lingua.

5. ACTIVIDADES

- Empregar a lingua galega en todas as comunicacións formais e informais do centro.
- Divulgar traballos escritos en galego realizados polo alumnado na páxina web do centro e na revista.
- Visitar lugares de interese próximos ao centro a fin de coñecer o patrimonio sociocultural máis próximo.
- Realizar pequenas rutas de sendeirismo ou en bicicleta por lugares próximos ao centro, atendendo a todas as propostas elaboradas polo concello neste ámbito.

- Divulgación entre o profesorado de materiais de interese en galego así como da lexislación vixente.
- Divulgación entre o profesorado das convocatorias existentes de concursos e actividades organizadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e por entidades que teñan como finalidade a dinamización do uso da lingua galega por parte do alumnado.
- Continuar participando no certame literario intercentros organizado cada ano coa colaboración do Concello de Narón.
- Editar e difundir a revista do centro *A Tribo*, tanto en formato impreso como dixital cos traballos elaborados polo alumnado.
- Participación nos concursos literarios e/ou artísticos promovidos polo concello, pola Consellería de Educación ou por calquera outro organismo oficial.
- Recuperación dos xogos populares.
- Continuar promovendo a visita ao centro de escritores e escritoras galegas.
- Continuar coa realización de contacontos ao alumnado de infantil por parte do alumnado de secundaria.
- Ampliación dos fondos da biblioteca en galego.
- Adquisición de dicionarios en galego.
- Realización de exposicións de obxectos e/ou fotografías antigas co fin de dar a coñecer o noso pasado e a nosa herdanza cultural.
- Continuar celebrando as festas tradicionais galegas.
- Continuar conmemorando días como o de Rosalía ou do das Artes Galegas.

6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

6.1. Humanos

- Persoal docente.
- Persoal non docente.
- Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Equipo de Normalización Lingüística do Concello de Narón.
- Centros educativos da zona: CRA do Val, Domirón e IES As Telleiras.
- Asociación de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas.

6.2. Materiais

- Biblioteca escolar de Educación Infantil e Primaria e biblioteca escolar de Educación Secundaria.
- Bibliotecas de aula.
- Aula de informática.
- Aulas Abalar dotadas de proxector e ordenadores.
- Portátiles Abalar nas aulas de quinto e sexto de primaria así como de primeiro e segundo de ESO.
- Fotocopiadora e plastificadora.
- Taboleiros de anuncios.
- Materiais elaborados polo profesorado.
- Materiais elaborados por distintas institucións para a dinamización e a normalización lingüística.

7. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS

Nunha contorna castelán falante, o principal obxectivo é que o alumnado acade a competencia lingüística en ambas as dúas linguas oficiais tanto no oral coma na escrita. A continuación sinálase o uso das linguas nas diferentes etapas e áreas no CPI do Feal.

7.1. Educación Infantil

Tendo en conta a situación sociolingüística do centro, o alumnado de Educación Infantil ten como lingua maioritaria o castelán. O obxectivo é que este alumnado adquira unha boa competencia lingüística nas dúas linguas oficiais dentro dos límites da etapa.

Para conseguir este obxectivo levaranse actividades como as seguintes:

- Asembleas en galego.
- Contacontos en galego.
- Debuxos e fotos de obxectos relevantes para a cultura galega.
- Visita de familiares galego falantes.
- Cancións e retrosos en galego.
- Xogos de marionetas.

7.2. Educación Primaria

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, garantírase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

Segundo as Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia: “O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia”.

Áreas	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	3
<i>Lingua na que se imparte</i>	Galego					
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	3
<i>Lingua na que se imparte</i>	Castelán					
Matemáticas	5	5	4	4	5	5
<i>Lingua na que se imparte</i>	Castelán					
Ciencias Sociais	3	2	3	2	2	3
<i>Lingua na que se imparte</i>	Galego					
Ciencias da Natureza	2	2	2	2	2	2
<i>Lingua na que se imparte</i>	Galego					
Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3
<i>Lingua na que se imparte</i>	Inglés					
Educación artística – Plástica	1	1	1	1	1	1

<i>Lingua na que se imparte</i>	C	G	C	C	C	C
Educación artística - Música	1	1	1	1	1	1
<i>Lingua na que se imparte</i>	C	G	C	C	C	C
Educación Física	2	2	2	2	2	2
<i>Lingua na que se imparte</i>	Galego					
Relixión/Valores sociais e cívicos	1	2	1	1	1	1
<i>Lingua na que se imparte</i>	G	C	C	C	C	C
Libre configuración				1		1
<i>Lingua na que se imparte</i>				G		G
Totais	25	25	25	25	25	25

Distribución total en horas:

Curso	Galego	Castelán	Inglés	Horas totais
1ºEP	12	11	2	25
2ºEP	12	11	2	25
3ºEP	11	11	3	25
4ºEP	11	11	3	25
5ºEP	10	12	3	25
6ºEP	11	11	3	25

7.3. Educación Secundaria Obrigatoria

1º Ensinanza Secundaria Obrigatoria		
Materia	Horas	Lingua
Xeografía e Historia	3	Galego
Valores Éticos	1	Castelán
Obradoiro Musical	1	Galego
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	Bilingüe
2º Lingua Estranxeira	2	Francés
Matemáticas	5	Castelán
Tutorías	1	Galego
Educación Física	2	Castelán
Lingua Galega e Literatura	4	Galego
Lingua Castelá e Literatura	4	Castelán
Relixión Católica	1	Castelán
Bioloxía e Xeoloxía	4	Galego
Lingua estranxeira - Inglés	3	Inglés

2º Ensinanza Secundaria Obrigatoria		
Materia	Horas	Lingua
Xeografía e Historia	3	Galego
Valores Éticos	1	Galego
Música	2	Galego
Promoción de estilos de	1	Galego

vida saudables		
2º Lingua Estranxeira	2	Francés
Matemáticas	5	Castelán
Titorías	1	Galego
Educación Física	2	Galego
Lingua Galega e Literatura	3	Galego
Lingua Castelá e Literatura	3	Castelán
Relixión Católica	1	Galego
Física e Química	3	Castelán
Lingua estranxeira - Inglés	3	Inglés
Tecnoloxía	3	Castelán

3º Ensinanza Secundaria Obrigatoria		
Materia	Horas	Lingua
Xeografía e Historia	3	Galego
Valores Éticos	1	Galego
Musica	2	Bilingüe
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	Bilingüe
2º Lingua Estranxeira	2	Francés
Cultura Clásica	2	Castelán
Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas/ás ensinanzas académicas	4	Castelán
Tecnoloxía	2	Castelán
Titorías	1	Galego
Educación Física	2	Galego
Lingua Galega e Literatura	3	Galego
Lingua Castelá e Literatura	3	Castelán
Relixión Católica	1	Castelán
Física e Química	2	Castelán
Bioloxía e Xeoloxía	2	Galego
Lingua estranxeira - Inglés	3	Inglés

4º Ensinanza Secundaria Obrigatoria		
Materia	Horas	Lingua
Latín	3	Castelán
Economía	3	Castelán
Xeografía e Historia	3	Galego
Valores Éticos	1	Galego
Musica	3	Galego
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	3	Castelán
2º Lingua Estranxeira	3	Francés
Cultura Clásica	3	Castelán
Matemáticas orientadas ás	4	Castelán

ensinanzas aplicadas/ás ensinanzas académicas		
Titorías	1	Galego
Tecnoloxía	3	Castelán
Educación Física	2	Galego
Lingua Galega e Literatura	3	Galego
Lingua Castelá e Literatura	3	Castelán
Relixión Católica	1	Galego
Física e Química	3	Castelán
Bioloxía e Xeoloxía	3	Galego
Lingua estranxeira - Inglés	3	Inglés
Tecnoloxías da información e a comunicación	3	Castelán

8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

Neste epígrafe preténdense establecer as medidas organizativas e curriculares necesarias para desenvolver nos casos nos que o alumnado non teña adquirido o nivel de competencia suficiente no dominio das linguas.

A figura do titor/a xoga aquí un papel relevante e decisivo ao ser o encargado/a de realizar unha avaliación inicial e unha continua que lle permita identificar as necesidades existentes. Así poderanse aplicar as medidas preventivas e de axuste necesarias para favorecer o seu desenvolvemento. O titor/a poderá pedir consello e axuda ao Departamento de Orientación.

A partir dunha valoración e detección das necesidades poñeranse en marcha as medidas e apoios necesarios, tanto dentro da aula por parte do profesorado con horas de apoio, como por parte dos mestres e mestras de Pedagogía Terapéutica e os de Audición e Linguaxe.

No caso do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo poderase empregar prioritariamente a lingua materna do alumno ou alumna e irase introducindo a segunda lingua seguindo as recomendacións do Departamento de Orientación e do Equipo de Orientación Específico en caso de ser necesario.

Segundo o establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, elaborárase un plan dirixido ao alumnado con NEE que asegure a capacitación do alumno nas dúas linguas oficiais.

É tamén importante ter en conta a Orde do 20 de febreiro de 2004 na que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado que procede do estranxeiro. Nestes casos pódense establecer grupos de adquisición de lingua cando o alumnado descoñece as dúas linguas oficiais.

Ademais, seguindo o xa citado Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, no caso do alumnado que provén de fóra de Galicia pódese solicitar a exención durante dous cursos a partir de quinto de primaria. Este alumnado terá que asistir ás clases igualmente pero non será avaliado da lingua galega.

Por último, o alumnado de primeiro e segundo de secundaria poderá ser exento da segunda lingua estranxeira cando se detecten dificultades continuadas no seu proceso de aprendizaxe e, especialmente, en materias lingüísticas. Deste xeito, durante os períodos lectivos nos que se imparte a segunda lingua o alumnado poderá recibir apoio nas dúas linguas oficiais.

10. AVALIACIÓN

Seguindo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, o Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar. Anterior a esa avaliación realizarase unha valoración na Comisión de Coordinación Pedagóxica e as conclusións trasladaranse ao claustro de profesores. Estas conclusións serán tamén expostas no Consello Escolar.

O proxecto será remitido á Administración Educativa para súa revisión.

Anualmente realizarase unha addenda do proxecto lingüístico no que constará:

- Resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as, ou representantes legais do alumnado de Educación Infantil respecto da lingua materna predominante entre o alumnado.
- Valoración das actividades levadas a cabo para servir de punto de partida ás actividades do curso seguinte.
- No caso de existir unha modificación nas materias respecto á lingua na que se imparten informarase dos cambios aprobados polo centro e autorizados pola Administración.

MONTSERRAT FERNÁNDEZ CARBALLEIRA, como secretaria do C. P. I. do Feal de Narón:

CERTIFICA:

Que a presente Programación Xeral Anual do C. P. I. do Feal de Narón, corresponde ao curso 2022-23 e foi aprobada na reunión do Consello Escolar do día 24 de outubro de 2022.

O Feal - Narón, 24 de outubro de 2022

A Secretaria:

Asdo.: Montserrat Fernández Carballeira..

Vº e prace

O Director

Asdo.: Juan Carlos Bedia Vidal

MONTSERRAT FERNÁNDEZ CARBALLEIRA, como secretaria do C. P. I. do Feal de Narón:

CERTIFICA:

Que a presente Programación Xeral Anual do C. P. I. do Feal de Narón, corresponde ao curso 2022-23 e foi aprobada na reunión do Consello Escolar do día 24 de outubro de 2022.

O Feal - Narón, 24 de outubro de 2022

A Secretaria:



Asdo.: Montserrat Fernández Carballeira..

O Director

Asdo.: Juan Carlos Bedia Vidal